

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.CURSO 2022/2023

ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

DEPARTAMENTO DE: **FÍSICA E QUÍMICA**

DATA: **17 Febreiro 2023**

Física e Química 2º ESO.....3

Física e Química 4º ESO.....26

Física 2º Bacharelato.....72

Química 2º Bacharelato.....142

Física e Química 2º ESO

a) Introducción

OBXECTIVOS DA ÁREA DE FÍSICA E QUÍMICA DE 2.º ESO

1. Utilizar o método científico como estratexia de afondamento no coñecemento. Coñecer as investigacións e descubrimentos de científicos e científicas galegos.
2. Traballar con magnitudes desde diferentes enfoques.
3. Usar con autonomía os instrumentos e materiais básicos do laboratorio. Desenvolver traballos de investigación para afondar no feito científico.
4. Recoñecer as aplicacións e características principais da materia.
5. Coñecer as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia, os seus cambios de estado e as leis dos gases, e explicalas de acordo coa TCM.
6. Relacionar as variables que interveñen no estado dun gas utilizando gráficas e/ou táboas.
7. Recoñecer a diferenza entre substancias puras e mesturas, e as súas aplicacións.
8. Discernir os cambios físicos e químicos que se producen na formación de substancias. Describir o proceso de transformación dos reactivos en produtos.
9. Realizar experiencias sinxelas sobre a lei de conservación da masa e os factores que inflúen na velocidade das reaccións químicas. Reflexionar sobre a importancia da industria química.
10. Recoñecer distintas forzas que están presentes na natureza, os cambios de estado que producen no movemento e algúns dos seus efectos.
11. Coñecer as máquinas simples e a súa utilidade para transformar o movemento e reducir a forza aplicada.
12. Analizar a forza gravitacional e os elementos que a compoñen para comprender e aplicar a lei de gravitación universal.
13. Explorar os niveis de agrupación dos corpos celestes, as forzas que interveñen entre eles e as unidades de lonxitude necesarias para medir as distancias que os separan.

14. Afondar no coñecemento da enerxía e as súas diversas manifestacións, identificándoas en situacións cotiás e experiencias prácticas. Comprender tanto o principio de conservación da enerxía como procesos de transformación de enerxía mecánica ou térmica e aplicarlos na resolución de problemas, experimentos ou traballos prácticos.
15. Coñecer que é unha onda, examinar as ondas mecánicas electromagnéticas e analizar calidades, fenómenos e efectos propios do son e da luz.
16. Contrastar fontes de enerxías renovables e non renovables, e o impacto que xeran na sociedade e no ambiente. Analizar datos sobre o consumo enerxético e os seus problemas derivados e explicar medidas e solucións que favorezan un consumo responsable e a sostibilidade do ambiente.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Na área de Física e Química incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O adestramento nesta competencia facilita ao alumnado a adquisición de grande habilidade no manexo do método científico e todo o relacionado con el, o que axuda, á súa vez, a ter unha visión sobre o coidado saudable, e a ser respectuoso no que se refire ao uso sostible das enerxías.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Nesta área é necesaria a comprensión profunda dos textos traballados para entender todo o que se propón ao alumno. A lectura, a escritura e a expresión oral perfílanse por iso como un dos eixes vertebradores necesarios. Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que permitirá un coñecemento máis profundo da materia.

Destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital

Ciencia e tecnoloxía únense da man da competencia dixital. O adestramento nos descritores dixitais pode favorecer a adquisición da maioría dos coñecementos que se van estudar na área, así como achegar ferramentas para que o alumnado poida investigar e crear os seus traballos de campo utilizando ferramentas dixitais.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia posibilita que os alumnos e alumnas traballen tendo en conta aspectos que favorezan todo o relacionado coa interculturalidade, a expresión artística, a beleza, etc. Desde a área de Física e Química favorécese o traballo e desenvolvemento desta competencia a partir do adestramento dos seguintes descritores:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

Competencias sociais e cívicas

Favorecer que os estudantes sexan cidadáns reflexivos, participativos, críticos e capaces de traballar en equipo son aspectos que se deben traballar para desenvolver adecuadamente esta competencia, e garda unha estreita relación coas habilidades que debemos adestrar para axudar á formación de futuros profesionais. Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Adestrar a autonomía persoal e o liderado, entre outros indicadores, axudará aos estudantes a tratar a información de forma que a poidan converter en coñecemento. Esta competencia fomenta a diverxencia en ideas e pensamentos, en formas de iniciativas tan diferentes como temas e persoas hai. Será importante adestrar cada un dos seguintes descritores para ofrecer ao alumnado ferramentas que posibiliten o adestramento desta competencia na área de Física e Química:

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

Aprender a aprender

O método científico e o enfoque fenomenolóxico fan necesario que a metodoloxía que se empregue posibilite ao alumnado a adquisición da competencia de aprender a aprender. O adestramento nos descritores facilitará procesos de aprendizaxes dinámicos e metacognitivos. Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe e tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

c) Organización e secuenciación de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeles

Bloque 1. A actividade científica (Sep-Out 2022)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles
Método científico: etapas. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Traballo no laboratorio.	Recoñecer e identificar as características do método científico. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos Rexistra observacións e datos de xeito organizado e rigoroso, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá, empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e

		medidas de actuación preventivas. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a busca e a selección de información e presentación de conclusións Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
--	--	---

LABORATORIO/ EXPERIENCIAS DE AULA	Práctica 1 : Material de Laboratorio Práctica 2 : Práctica de medidas / Utilización do calibre Práctica 3 : Densidade sólido insoluble na auga Práctica 4 : Densidade dun líquido Práctica 5 : Volume dunha pinga da auga
--	---

Bloque 2. A materia (Out-Dec 2022)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Propiedades da materia. Aplicacións dos materiais. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular. Leis dos gases. Substancias puras e mesturas. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas e coloides. Métodos de separación de mesturas.	Recoñecer as propiedades xerais e específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado a través do modelo cinético-molecular. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese. Propoñer métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.	Distingue entre propiedades xerais e propiedades específicas da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se atope. Explica as propiedades dos gases, dos líquidos e dos sólidos. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns. Deduce a partir das gráficas de queamento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.

		<p>Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.</p> <p>Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.</p> <p>Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.</p>
--	--	---

LABORATORIO/ EXPERIENCIAS DE AULA	<p>Práctica 6 : Gráfica de cambio de estado. Vaporización da auga</p> <p>Práctica 7 : Gráfica de cambio de estado. Solidificación da auga</p> <p>Práctica 8 : Esferificación de zume e coca-cola</p> <p>Práctica 9 : Separación compoñentes dunha mestura heteroxénea (imantación, disolución+filtración, evaporación+cristalización)</p> <p>Práctica 10 : Separación de mesturas por cromatografía</p> <p>Práctica 11 : Separación de mesturas por decantación</p> <p>Práctica 12 : Preparación disolución (p.e. 5 % de NaCl, 2 g/L...)</p> <p>Práctica 13 : Coloides, Efecto Tyndall</p> <p>Prácticas opcionais: Separación compoñentes dunha mestura homoxénea por destilación / Sublimación do iodo</p>
--	---

Bloque 3. Os cambios (Xan-Mar 2023)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Cambios físicos e cambios químicos. Reacción química. A química na sociedade e no ambiente.	Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. Describe o procedemento seguido en experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas, interpretando a representación esquemática dunha reacción química. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.

Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no medio.

Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.
 Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.

**LABORATORIO/
EXPERIENCIAS
DE AULA**

Práctica 14 : Electrólise da auga

Práctica 15 : Lei da conservación da masa nas reaccións químicas

Prácticas opcionais: Construción de moléculas / Elaboración dun biscoito / A pataca-pila / Reaccións camaleónicas / Obtención dun precipitado / Ácido-Base / Axuste de reaccións químicas / Simulación de reaccións mediante ordenador (pax. 80 SM 2 2016)

Bloque 4. O movemento e as forzas (Mar-Abr 2023)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
Forzas: efectos. Medida das forzas. Velocidade media. Velocidade instantánea e aceleración. Máquinas simples. O rozamento e os seus efectos. Forza gravitacional. Estrutura do universo. Velocidade da luz.	Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente e a redución da forza aplicada necesaria. Comprender o papel que desempeña o rozamento na vida cotiá. Considerar a forza gravitacional como a	En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, describindo o material que cómpre empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo interpretando o resultado. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a

	<p>responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos distintos niveis de agrupación no universo, e analizar os factores dos que depende.</p> <p>Identificar os diferentes niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.</p> <p>Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitacional.</p>	<p>distancia que os separa.</p> <p>Distingue entre masa e peso, calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.</p> <p>Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol e a Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.</p> <p>Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan os devanditos obxectos, interpretando os valores obtidos.</p> <p>Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da busca guiada de información sobre a forza gravitacional e os fenómenos asociados a ela.</p>
--	---	---

LABORATORIO/ EXPERIENCIAS DE AULA	<p>Práctica 16: Prácticas sinxelas de cinemática / Calculo da velocidade nun MRU / Gráficas do movemento utilizando o programa informático Calc</p> <p>Práctica 17 : Práctica del resorte. Ley de Hooke / Práctica con dinamómetros.</p> <p>Práctica 18 : A polea, a rampa e as forzas (pax. 126 Santillana 2 2016)</p> <p>Prácticas opcionais: Variables que inflúen no rozamento / Como innovar nun prototipo de aerodeslizador casero (pax. 175 SM 2 2016) / Peso e Empuxe dos corpos / Variables que inflúen no rozamento (pax. 173 SM 2 2016) / Gráficas de movementos con Tracker (pax 105 SM 2 2016) / Electricidade e magnetismo</p>
--	--

Bloque 5. Enerxía (Abri-Xuñ 2023)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Enerxía. Unidades. Tipos de enerxía. Transformacións da enerxía. Conservación da enerxía. Enerxía térmica. Calor e temperatura. Escalas de temperatura. Uso racional da enerxía. Efectos da enerxía térmica. Fontes de enerxía. Aspectos industriais da enerxía.	<p>Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.</p> <p>Identificar os tipos de enerxía postas de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.</p> <p>Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en diferentes situacións cotiás.</p> <p>Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.</p> <p>Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as</p>	<p>Argumenta que a enerxía se pode transferir, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.</p> <p>Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e a expresa na unidade correspondente do Sistema Internacional.</p> <p>Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os diferentes tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas a outras.</p> <p>Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.</p>

	<p>diferentes fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sostible.</p>	<p>Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas de Celsius e Kelvin.</p> <p>Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de queamento.</p> <p>Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións, como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.</p> <p>Explica a escala Celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.</p> <p>Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico, asociándoo coa igualación de temperaturas.</p> <p>Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.</p>
--	---	--

LABORATORIO/ EXPERIENCIAS DE AULA	<p>Prácticas opcionais: Construción dun termómetro de dilatación (pax. 190 Santillana 2 2016) / Transferencia da enerxía térmica : A condución de calor nos metais. A convección do calor en na agua (pax. 210-211 SM 2 2016) (pag. 204-205 Santillana 2 2016) / Experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico, asociándoo coa igualación de temperaturas / Unha fonte casera (pax.212-213 SM 2 2016) / Enerxía dun rebote (pax. 189 SM 2 2016) / Transformacións e transferencias da enerxía (pax. 180-181 Santillana 2 2016)</p>
--	---

d) Grao mínimo de consecución para superar a materia

PROCEDEMENTO 1: Traballo na aula 15%:

5% A libreta do alumno , que será revisada polo docente como mínimo unha vez por trimestre.

5% Retos

5% Experiencias.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: O 100% das actividades e explicacións propostas en clase deben estar escritas nos apuntamentos de clase.

A non entrega dos apuntamentos de clase suporá o suspenso no trimestre (exceptuaranse casos de forza maior, enfermidades ou circunstancias persoais, para o cal terá que estar informada a persoa titora do curso e a Dirección do Instituto)

PROCEDEMENTO 2 Proba escrita 65%:

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: Para poder facer a media co resto dos instrumentos de avaliación **cómpre acadar na proba avaliable como mínimo un 35% dos obxectivos mínimos avaliados na proba**

PROCEDEMENTO 3: Traballo cooperativo no laboratorio -Caderno de laboratorio: 10%

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: O 100% das actividades de laboratorio desenvolvidas durante o trimestre debe estar explicadas no caderno de laboratorio conforme ás regras expostas no principio do curso nos taboleiros de clase e do laboratorio. A non entrega do caderno de laboratorio ou non cumprir as normas de presentación suporá o suspenso no trimestre (exceptuaranse casos de forza maior, enfermidades ou circunstancias persoais, para o cal terá que estar informada a persoa titora do curso e a Dirección do Instituto)

PROCEDEMENTO 4: Realización de pequenos traballos de investigación: 10%:

5% traballo trimestral

5% Boletines

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: O 60% dos traballos de investigación propostos en clase cada trimestre terán que ser presentados e expostos en clase, conforme ó procedemento establecido pola profesora

NOTA FINAL DO CURSO

Realizase mediante a media da nota decimal (tendo en conta dous demais) de cada unha das avaliacións mais a nota do traballo de ampliación do mes de Xuño, que poderá ser de ata 1 punto.

Redondearanse as notas ao número seguinte a partir de 0,80 .

Criterios específicos traballo cooperativo no laboratorio / Libreta de laboratorio:

- O/A alumno/a amosa perfecta orde durante a práctica, respecto cara ó profesor e os seus compañeiros, coidado no emprego do material de laboratorio e acata as instrucións do profesor.
- O/A alumno/a deixa TODO o material limpo, enriba dun papel absorbente listo para volver a ser utilizado.
- No caderno de laboratorio aparece a data e o título da práctica.
- Aparece o material empregado e o procedemento experimental.
- Aparecen os cálculos, gráficos.

e) Procedementos e instrumentos de avaliación

Estándar de aprendizaxe	Instrumento de avaliación
FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	Traballo na aula / Realización dun traballo
FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a	Traballo na aula

linguaxe oral e escrita con propiedade.	
FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	Traballo nos ordenadores E-Dixgal
FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	Traballo cooperativo
FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	Traballo na aula
FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	Proba escrita
FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	Proba escrita
FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poñe de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	Simulación de reaccións mediante ordenador

FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	Traballo na aula
FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	Traballo na aula
FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	Traballo na aula
FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	Traballo na aula Proba escrita
FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	Traballo cooperativo no laboratorio Proba escrita
FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	Traballo cooperativo no laboratorio Proba escrita
FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	Traballo na aula / Traballo nos ordenadores E-Dixgal
FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	Traballo na aula / Proba escrita

FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	Traballo cooperativo no laboratorio Proba escrita
FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	Traballo cooperativo no laboratorio Proba escrita
FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	Traballo cooperativo no laboratorio Proba escrita
FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	Traballo cooperativo no laboratorio Proba escrita
FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	Traballo na aula / Proba escrita
FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	Traballo cooperativo no laboratorio
FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	Traballo na aula / Proba escrita

f) Concrecións metodolóxicas que require a materia

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo. En concreto, na área de Física e Química:

- Cómpre adestrar sistematicamente os procedementos que conforman os andamios da materia. Malia que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: xeración de hipóteses, a comprobación de datos, o traballo de investigación e a comunicación científica.
- Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos de carácter transversal, como o exposto sobre o método científico.
- Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; por iso, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiren para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

- Na área de Física e Química é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, o que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

METACOGNICIÓN INDIVIDUAL AO REMATAR UNHA SESIÓN DE LABORATORIO

Que fixen?
 Como o fixen?
 Que é o que fixen mellor e por que?
 Que é o que máis me custou e por que?
 Que faría doutro xeito e por que?
 Que é o que aprendín?
 Estou satisfeito ou satisfeita co traballo realizado? Por que?
 Como podo aplicar o que aprendín a outros contextos?
 Como podo mellorar a próxima vez?

Moitos dos temas trataranse de xeito cualitativo, de acordo coas premisas da LOMCE, deixando o tratamento cuantitativo para 4º ESO e 1º Bach. Traballarase moito na clase e no laboratorio na resolución de exercicios e cuestións prácticas para fixar ideas e acadar por parte dos alumnos, a adquisición dun método de estudo e entendemento da Física e Química.

g) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

- Dende o curso 2021_22 : implementación no IES Ribeira do Louro de E-Dixgal en todos os cursos da ESO. **Xa que logo, o alumnado de 2º ESO Física e Química contará cunha aula E-Dixgal** : os docentes e alumnado desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe que lles permitirá acceder aos contidos dixitais dos provedores. Os docentes poderán elaborar a súa propia “mochila dixital” seleccionando a través da plataforma os contidos formativos e podendo incorporar os materiais complementarios que se desexen, así como os contidos de elaboración propia
- O laboratorio de Física e Química, completamente equipado para os traballos prácticos que podería esixir unha aprendizaxe baseada en proxectos, que conta ademais cun encerado dixital interactivo
- No curso 2022/23 fomentárase o traballo colaborativo entre alumnado e o profesorado a través do proxecto E-Dixgal para 2º ESO

Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial

As necesidades dixitais do alumnado en caso de ter que traballar dende a casa están cubertas, grazas ao proxecto E-Dixgal.

h) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O referente esencial da avaliación no marco curricular da LOMCE son os estándares de aprendizaxe avaliábeis (EA), que concretan e desenvolven os criterios de avaliación converténdoo en realidades mensurables e xa que logo, susceptibles de cualificación.

A Cualificación final da área na avaliación ordinaria realizarase tendo en conta o nivel de logro adquirido polo alumnado en todos os EA previstos para o curso. O profesorado do Departamento obterá unha media ponderada dos EA seleccionados para a primeira, segunda e terceira avaliación.

O alumnado da ESO ten dereito a 3 sesións de avaliacións parciais e 1 avaliación final. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria coincidirá coa sesión de avaliación final

Criterios de recuperación

O Departamento de Física e Química organizará ao longo do curso e con anterioridade da data establecida no centro para a 3ª avaliación e a avaliación final, **diferentes actividades de recuperación para alumnado que non supere algunha parte da materia.**

Xa que logo, o alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por trimestre para recuperar os EA non superados nos trimestres anteriores.

Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o EA a recuperar.

Procurarase que os EA que teñan carácter transversal (como ocorre coa maioría dos correspondentes á UD 1) se recuperen no marco das distintas UD nas que se poidan desenvolver.

Unha vez superado o EA substitúese a súa cualificación na táboa de EA avaliados, obtendo a nova cualificación.

O alumnado que teña todos os EA avaliados superados **poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.**

Alumnado de materia pendente.

Procedementos e instrumentos de avaliación: A avaliación das materias pendentes realizarase en base a traballos ou probas telemáticas e todas aquelas actividades de recuperación programadas polo departamento.

Criterios de cualificación: Verificar que o alumnado alcanza os obxectivos e as competencias clave da etapa. Neste sentido, atenderase a aqueles elementos curriculares máis relevantes e imprescindibles para alcanzar os obxectivos fundamentais desta etapa.

Plans de reforzo e recuperación:	<p>O Departamento dispón de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como traballos prácticos de laboratorio de recuperación.</p> <p>Plan de reforzo: Realizaranse actividades de reforzo e ampliación com aqueles alumnos que alcanzasen os obxectivos mínimos durante todo o curso. Estas actividades de reforzo estarán colgadas en E-dixgal e suporán un incremento de ata un punto na nota final do alumno</p> <p>Plan de recuperación. Aqueles alumnos que non alcanzasen os obxetivos mínimos nalgunha das avaliacións terán que realizar un boletín de exercicios (disponible en E-dixgal) e unha proba escrita das avaliacións non superadas.</p> <p>Reforzo durante o curso (alumnos com necesidades específicas): Aqueles alumnos que presentan unha gran dificultade na materia por ten necesidades educativas específicas, terán un reforzo educativo dentro da aula realizado polo docente da materia. O alumno realizará actividades adaptadas aos obxectivos mínimos de aprendizaxe e probas escritas com contidos mínimos</p>
Aproveitamento didáctico de E-Dixgal para o ensino mixto:	<p>Para as comunicacións: E-Dixgal: Mensaxería e videochamadas (BigBlueButton). Para o almacenamento: Sistema de ficheiros do ordenador E-Dixgal e o servizo Drive da plataforma Google Workspace do centro. Para o traballo colaborativo e a asignación das tarefas: Aplicacións de LibreOffice: Writer, Calc, Impress. Docs, Formularios, Follas de cálculo, Presentacións (Google Workspace), arquivos compartidos no Drive (Google Workspace). Libros Dixitais (E-Dixgal).</p> <p>Para a xestión das clases: EVA E-Dixgal e impartición dos contidos esenciais a través de streaming de vídeo con BigBlueButton (EVA E-Dixgal).</p>
Específico fase de ensino non presencial:	<p>O Departamento de Física e Química poderá realizar actividades de avaliación durante unha posible fase de ensino non presencial, tendo en conta que as alumnas e alumnos de Física e Química 2º ESO poidan realizar os traballos na súa casa, sempre que sexa posible conectados co resto do grupo e cun docente, e ó seu ritmo, coidando sobre todo o aspecto emocional.</p>

	<p>As tarefas realizadas nas modalidades de ensino non presencial ou semipresencial serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución.</p> <p>Deste xeito, o/a alumno/a poderá incrementar, se fora o caso, a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1 punto dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outro punto máis dependendo do grado de consecución das mesmas.</p> <p>O traballo durante a modalidade de ensino non presencial servirá, se fora o caso, para recuperar as avaliacións pendentes de materias non superadas durante a fase de ensino presencial.</p>
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave (Física e Química 2º ESO). Docencia non presencial:	<p>As necesidades dixitais do alumnado en caso de ter que traballar dende a casa (confinamento) están cubertas, xa que o instituto pertence ao programa E-Dixgal.</p> <p>O Departamento impartirá clases a través de ferramentas institucionais (EVA E-Dixgal) e, se fora o caso, de Google Workspace, como apoio para a resolución de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles, así como traballos prácticos de laboratorio que se emitirán en streaming de vídeo.</p>
Aprendizaxes imprescindibles:	<p>Unidades e densidade. Factores de conversión</p> <p>Estados de agregación da materia. Teoría dos gases</p> <p>Métodos de separación de mesturas</p> <p>A taboa periódica. Formulacion de compostos binarios</p> <p>Os átomos</p> <p>Movemento rectilíneo uniforme</p> <p>Movemento rectilíneo uniformemente acelerado</p> <p>Forzas: Newton, forza de rozamento, forza elástica, forza gravitatoria, forza eléctrica e forza magnética</p> <p>Enerxía cinética e Enerxía potencial.</p>

i) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

1. A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
2. A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

j) Medidas de atención á diversidade.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, coa persoa titora.

En cada tema inclúese especificase as actividades a realizar (Probas de avaliación, Actividades de reforzo e de ampliación, Avaliación de competencias e, por suposto, **as Adaptacións curriculares “con fichas de traballo específicas”**) se adecúan perfectamente a esa finalidade.

k) Actividades complementarias e extraescolares programadas

Neste curso 2022_23, o Departamento solicitou a participación no programa de Innovación Educativa “Club de Ciencia”, no que poderá participar o alumnado de **Física e Química 2º ESO** que o desexe.

l) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Todo documento que programe un xeito de levar a cabo uns obxectivos determinados debe ser obxecto de avaliación para determinar en que extensión foron alcanzados os obxectivos previstos. Unha programación didáctica como a presente neste documento, debe xa que logo, prever unha forma de avaliación. Neste caso teranse en conta os seguintes criterios:

1. Actas de reunións do Departamento, onde se pon de manifesto o grado de programación impartida.
2. Documento ou memoria de final de curso, onde se reflicta o balance impartido ou sen impartir durante o curso, así como as causas que o motivaron xunto coa previsión de cambios para o curso seguinte.
3. Reunións do Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar.
4. Seguimento da programación
5. Rendemento académico dos alumnos: si un 50% dos alumnos/as non alcanza os obxectivos fixados, estudarase a mellor forma de liquidar devandito problema (cambio de metodoloxía empregada polos docentes, cambio de secunciación dos contidos, actividades de recuperación ou outra medida que o profesor considere oportuna).
6. Seguimento dos alumnos/as con Física e Química pendentes dos cursos anteriores.
7. Incentivar as actividades de ciencias e a participación dos alumnos/as.
8. A programación será revisada antes do comezo do curso escolar (primeira quincena de setembro), tendo en conta a Memoria Final de Curso e as reunións da C.C.P. De ser necesario realizaranse os cambios pertinentes na programación.
9. Mediante enquisas periódicas

Información ao alumnado

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas polo Departamento, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.
2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente:
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>
3. Cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo “Materia Módulo”, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia:
 - Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase:
 - A todo o alumnado, ao comezo do curso.
 - Ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia.
 - Queda dispoñible en cada unha das aulas.

INFORMACIÓN BÁSICA QUE DEBEMOS FACILITAR Ó ALUMNADO (e posteriormente ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia, e tamén a TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA) :	Información básica relativa á programación : obxectivos, contidos, contidos, traballos prácticos de laboratorio, proxectos de innovación Información básica relativa ós criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación (rúbricas, instrumentos de avaliación e o peso asignado a cada instrumento) Criterios de calificación (procedemento para calcular a nota final de avaliación ordinaria e da extraordinaria)
Estas follas de presentación de materia :	Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase: a todo o alumnado, ao comezo do curso e ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia. Queda dispoñible en cada unha das aulas.

2º ESO

 FÍSICA Y QUIMICA



O Porriño, 12 setembro 2022

María Rial Pan
Marcelino Veiguela Fuentes

Física e Química 4º ESO

a) Introducción

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible, xunto coas demais ciencias experimentais e a tecnoloxía, para permitir aos alumnos e ás alumnas analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na nosa sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Ademais, compártese co resto das disciplinas a responsabilidade de promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engadido de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. Para que estas expectativas se concreten, o ensino desta materia debe incentivar unha aprendizaxe contextualizada que relacione os principios en vigor coa evolución histórica do coñecemento científico; que estableza a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade; que potencie a argumentación verbal, a capacidade de establecer relacións cuantitativas e espaciais, así como a de resolver problemas con precisión e rigor.

No segundo ciclo de ESO esta materia ten un carácter esencialmente formal, e está enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar, en cuarto de ESO aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

- Competencia en comunicación lingüística: defensa de traballos de investigación, selección e interpretación da información, comunicación dos traballos realizados, interpretación de gráficas, táboas, etiquetaxes, símbolos, formulación. Finalmente, o proceso de argumentación, entendido como o proceso de avaliación dos enunciados de coñecemento, á luz das probas dispoñibles.
- Competencia de aprender a aprender: a curiosidade, o interese por aprender propio da ciencia, o método científico.
- Competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor: a elaboración e a defensa de traballos de investigación sobre temas propostos ou de libre elección, que permite afondar e ampliar contidos relacionados co currículo e mellorar as destrezas tecnolóxicas e comunicativas nos alumnos e nas alumnas, o traballo en equipo como a creatividade na resolución de problemas ou o deseño de experiencias e pequenas investigacións
- Competencia dixital: o uso de aplicacións virtuais interactivas permite realizar experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura non serían viables noutras circunstancias. Por outra banda, a posibilidade de acceder a unha grande cantidade de información implica a necesidade de clasificala segundo criterios de relevancia, o que permite desenvolver o espírito crítico do alumnado.
- Desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, xa que promoven actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos fronte a problemas

relacionados co impacto das ciencias e da tecnoloxía no noso contorno: conservación de recursos, cuestións ambientais, etc. A mesma competencia tamén está relacionada co traballo en equipo que caracteriza a actividade científica.

- Competencia en conciencia e expresións culturais, por ser moitos os logros da ciencia que modificaron o noso modo de entender o mundo e moitos os científicos e as científicas que influíron na nosa forma de comprender a realidade; consecuentemente, personaxes como Newton, Lavoisier, Boyle, Marie Curie, Lise Meitner, no plano internacional, ou Antonio Casares Rodríguez, Ramón María Aller Ulloa e tantos outros, na nosa comunidade, deben ser recoñecidos e valorados como actores principais da construción da nosa cultura.
- Competencia científica: a materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e as alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais.

Perfil competencial da materia de Física e Química de 4º ESO

	CAA	CSIEE	CD	CCL	CSC	CCEC	CMCCT
FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.							
FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico.							
FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.							
FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.							
FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.							
FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.							
FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.							
FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.							
FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.							
FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.							
FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.							

FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.							
FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.							
FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.							
FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica.							
FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.							
FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.							
FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.							
FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.							
FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.							
FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.							
FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.							
FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.							
FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.							
FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.							
FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida.							
FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.							
FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese							
FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.							

FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.							
FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.							
FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.							
FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.							
FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.							
FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes.							
FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.							
FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases.							
FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.							
FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.							
FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.							
FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.							
FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.							
FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.							
FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.							
FQB4.1.1. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.							
FQB4.2.1. Clasifica tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade.							

FQB4.2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), e razoa o concepto de velocidade instantánea.							
FQB4.3.1. Deducer as expresións matemáticas que relacionan as variables nos movementos rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), así como as relacións entre as magnitudes lineais e angulares.							
FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.							
FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada.							
FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme							
FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos.							
FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.							
FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.							
FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.							
FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.							
FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.							
FQB4.8.2. Deducer a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.							
FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.							
FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.							
FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.							
FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e outros							

casos movementos orbitais.							
FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.							
FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.							
FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.							
FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.							
FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.							
FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.							
FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.							
FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.							
FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.							
FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.							
FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.							
FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.							
FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.							
FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.							
FQB5.1.2. Determina a enerxía dissipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.							

FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.								
FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.								
FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.								
FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.								
FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.								
FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.								
FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicas e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.								
FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.								
FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.								
FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.								
FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.								

c) Concreción dos obxectivos para o curso

Unidade 1: O método científico

Obxectivos	Contidos
<p>Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político.</p> <p>Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.</p> <p>Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.</p> <p>Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.</p> <p>Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.</p> <p>Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.</p> <p>Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.</p> <p>Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.</p>	<p>B1.1. Investigación científica.</p> <p>B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais.</p> <p>B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.</p> <p>B1.4. Erros na medida.</p> <p>B1.5. Expresión de resultados.</p> <p>B1.6. Análise dos datos experimentais.</p> <p>B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.</p> <p>B1.8. Proxecto de investigación.</p>

Unidade 2: Átomos e Sistema periódico

Obxectivos	Contidos
<p>Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.</p> <p>Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.</p> <p>Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.</p>	<p>B2.1. Modelos atómicos.</p> <p>B2.2 Sistema periódico e configuración electrónica.</p>

Unidade 3: Enlace químico

Obxectivos	Contidos
<p>Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.</p> <p>Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.</p> <p>Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.</p> <p>Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese.</p>	<p>B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.</p> <p>B2.4. Forzas intermoleculares.</p> <p>B2.4. Alinguaxe da Química. Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC: compostos binarios, hidróxidos, ácidos e sales</p> <p>B2.5. Forzas intermoleculares.</p>

Unidade 4: A Química do Carbono

Obxectivos	Contidos
<p>Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.</p> <p>Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.</p> <p>Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.</p>	<p>Os compostos do carbono</p> <p>Hidrocarburos</p> <p>Compostos osixenados</p> <p>Compostos nitroxenados</p> <p>Compostos orgánicos de interese biolóxicos</p> <p>Os polímeros</p>

Unidade 5: As reaccións químicas

Obxectivos	Contidos
<p>Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.</p> <p>Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.</p> <p>Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.</p> <p>Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.</p> <p>Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.</p> <p>Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital.</p>	<p>B3.1. Reaccións e ecuacións químicas.</p> <p>B3.3. Cantidade de substancia: mol.</p> <p>B3.4. Concentración molar.</p> <p>B3.5. Cálculos estequiométricos.</p> <p>B3.6. Reaccións de especial interese.</p>

Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.

Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.

Unidade 6: O movemento

Obxectivos	Contidos
<p>Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.</p> <p>Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento.</p> <p>Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.</p> <p>Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.</p> <p>Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.</p>	<p>B4.1. Movemento. Movementos rectilíneo uniforme, rectilíneo uniformemente acelerado e circular uniforme.</p>

Unidade 7: As forzas

Obxectivos	Contidos
<p>Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.</p> <p>Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.</p> <p>Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.</p>	<p>B4.2. Natureza vectorial das forzas.</p> <p>B4.3. Leis de Newton.</p> <p>B4.4. Forzas de especial interese: peso, normal, rozamento e centrípeta.</p>

Unidade 8: A lei da gravitación universal

Obxectivos	Contidos
<p>Valorar a relevancia histórica e científica que supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.</p> <p>Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.</p> <p>Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.</p>	<p>B4.5. Lei da gravitación universal</p>

Unidade 9: As forzas nos fluídos

Obxectivos	Contidos
<p>Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.</p> <p>Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.</p> <p>Deseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.</p> <p>Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.</p>	<p>B4.6. Presión.</p> <p>B4.7 Principios da hidrostática.</p> <p>B4.8. Física da atmosfera.</p> <p>B4.7. Principios da hidrostática.</p>

Unidade 10: Traballo e enerxía

Obxectivos	Contidos
<p>Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.</p> <p>Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen.</p> <p>Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común.</p>	<p>B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación.</p> <p>B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</p> <p>B5.3. Traballo e potencia.</p>

Unidade 11: Enerxía e calor

Obxectivos	Contidos
<p>Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.</p> <p>Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.</p> <p>Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.</p>	<p>B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor.</p> <p>B5.4. Efectos da calor sobre os corpos.</p> <p>B5.5. Máquinas térmicas.</p>

d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable (EAA) de:

- **Temporalización.**
- **Grao mínimo de consecución para superar a materia.**
- **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

Unidade 1: Unidade 1: O método científico					
EAA	Actividades (modelos)	Indicadores de logro e puntuación máxima		Procedemento e instrumento de avaliación	Temporalización
FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento.	Taller de ciencia 1 y 2 pag. 20 Vicens Vives 4 2016 Inicio del método científico pag. 5 Vicens Vives 4 2016	Identifica as profesións	0,25 p	Traballo avaliable no cuaderno	1º trimestre setembro 2022
		Indica as especialidades dos científicos	0,25 p		
		Explica razoadamente se é conveniente a colaboración entre científicos	0,25 p		
		Indica a influencia do contexto político mundial	0,25 p		
		Resume a noticia	0,5 p		
		Razona si se pode considerar como un traballo científico	0,5 p		
FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo	Saber Hacer pag 11 Santillana 4 2016. Actividad 6	Identifica as características dun traballo científico	0,25 p	Traballo avaliable no cuaderno	1º trimestre setembro 2022
		Busca información sobre un tema de interés	0,25 p		
		Contrasta a información de tres fontes distintas	0,25 p		
		Valora a calidade da información de cada fonte	0,25 p		

científico.					
FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico.	Desde la hipótesis hasta la ley o la teoría científica. Pag. 12 Santillana 4 2016. Actividad 7 y 8	Distingue entre hipóteses, leis e teorías	1/3 p	Traballo avaliable no cuaderno	1º trimestre setembro 2022
		Explica por que non se poden aceptar como hipóteses	1/3 p		
		Explica por que non se aceptou a cold fusion	1/3 p		
FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última.	Actividades 2 y 3 pag. 18 Vicens Vives 4 2016	Identifica as magnitudes	0,5 p	Proba escrita	1º trimestre setembro 2022
		Clasifica as magnitudes en escalares e vectoriais e describe os elementos que definen estas últimas	0,5 p		
FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros.	Ecuación de dimensiones. Pag. 14 Santillana 4 2016. Actividades 11 y 12	Escribe as ecuacións de dimensións das magnitudes forza	0,2 p	Proba escrita	1º trimestre setembro 2022
		densidade	0,2 p		
		concentración	0,2 p		
		Emprega a análise dimensional para comprobar a homoxeneidade das fórmulas $pV=FL$	0,2 p		
		$va=Fm$	0,2 p		
FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	La medida y su error. Pag. 15 Santillana 4 2016. Actividades 35,36 y 37 pag. 21 Santillana 4 2016.	Determina co nº adecuado de cifras significativas a superficie dunha moeda	1/3 p	Proba escrita	1º trimestre setembro 2022
		A circunferencia dunha moeda	1/3 p		
		A superficie e o perímetro dun rectángulo	1/3 p		
		Indica a precisión da balanza	1/3 p		
		Calcula a masa dunha gota de auga	1/3 p		
		Determina os erros absolutos e relativos	1/3 p		
		Determina o erro absoluto de cada medida	1/3 p		
		Determina o erro relativo de cada medida	1/3 p		
		Indica cal da dúas medidas ten máis calidade	1/3 p		
FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas.	Cómo reducir el error experimental. Pag. 12 y 13 Vicens Vives 4 2016 PRAC1 Determinación del tiempo de reacción. Pag. 13 Vicens Vives 4 2016	Diferencia entre erros sistemáticos e accidentais	0,25 p	Traballo avaliable no cuaderno Traballos prácticos de laboratorio	1º trimestre setembro 2022
		Para os tempos de caída dende 2,5 m: Calcula a media aritmética (utilizando as cifras significativas adecuadas), a desviación de cada medida respecto á media, o erro absoluto (utilizando as cifras significativas adecuadas), o resultado final, o erro relativo	0,25 p		
		Para os tempos de caída dende 2 m: Calcula a media aritmética (utilizando as cifras significativas adecuadas), a desviación de cada medida respecto á media, o erro absoluto	0,25 p		

		(utilizando as cifras significativas adecuadas), o resultado final, o erro relativo			
		A partir dos resultados experimentais comproba si se cumpre que o espazo é proporcional a t^2	0,25 p		
		Elaboración dun protocolo experimental a partir dunha busca de información	4		
		Avaliación durante as experiencias (cada estrela vale 1 punto): Utilización correcta do material do laboratorio	***		
		Respeto polo protocolo experimental	**		
		O equipo mostra perfecta orde durante a práctica, respeto cara ó profesor e os seus compañeiros, coidado no emprego do material de laboratorio e acata as instrucións do profesor	***		
		O equipo deixa TODO o material limpo , enriba dun papel absorbente listo para volver a ser utilizado.	**		
		Conclusións a partir dos resultados experimentais	4		
		Entrega a tempo do informe de laboratorio. Incorpora fotografías. Incorpora un apartado de dificultades e proposta de mellora	2		
FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.	El análisis de datos. Pag. 17. Santillana 4 2016 PRAC2 Estudio de la evaporación de la acetona. Pag. 14 Vicens Vives 4 2016	Representación correcta da masa correspondente a un volume de aceite (papel milimetrado, establece correctamente a escala, indica magnitude e unidades en cada eixo, indica o tipo de relación entre as variables, o tipo de gráfica e a relación matemática)	0,25 p	Proba escrita Traballos prácticos de laboratorio	1º trimestre setembro 2022
		Representación correcta da temperatura da auga introducida nunha neveira (papel milimetrado, establece correctamente a escala, indica magnitude e unidades en cada eixo, indica o tipo de relación entre as variables, o tipo de gráfica e a relación matemática)	0,25 p		
		Representación correcta da distancia que percorre unha bola (papel milimetrado, establece correctamente a escala, indica magnitude e unidades en cada eixo, indica o tipo de relación entre as variables, o tipo de gráfica e a relación matemática)	0,25 p		
		Representación correcta da presión que ten un volume de gas (papel milimetrado, establece correctamente a escala, indica magnitude e unidades en cada eixo, indica o tipo de relación entre as variables, o tipo de gráfica e a relación matemática)	0,25 p		
		Elaboración dun protocolo experimental a partir dunha busca de información	4		
		Avaliación durante as experiencias (cada estrela vale 1 punto): Utilización correcta do material do laboratorio	***		
		Respeto polo protocolo experimental	**		
		O equipo mostra perfecta orde durante a práctica, respeto cara ó profesor e os seus compañeiros, coidado no emprego do material de laboratorio e acata as instrucións	***		

		do profesor			
		O equipo deixa TODO o material limpo , enriba dun papel absorbente listo para volver a ser utilizado.	**		
		Conclusións a partir dos resultados experimentales	4		
		Entrega a tempo do informe de laboratorio. Incorpora fotografías. Incorpora un apartado de dificultades e proposta de mellora	2		
FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.	Proxecto de investigación: Emprego de follas de cálculo informáticas para representar datos experimentais Exemplo resolto 6 pax. 21 Santillana 4 2016 Actividade 38 pax 21 Santillana 4 2016	Completa a táboa empregando filas e columnas	1,25 p	Traballos prácticos de laboratorio	1º trimestre setembro 2022
		Destaca o encabezado	1,25 p		
		Selecciona os datos que quere representar e escolle a opción "inserir gráfico"	1,25 p		
		Completa o nome dos eixos	1,25 p		
		Da formato ós eixos	1,25 p		
		Modifica a ubicación e o texto de cada eixo e da lenda	1,25 p		
		Representa en LibreOffice o exemplo 1	1,25 p		
		Representa en Libre Office a actividade 38	1,25 p		
FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	PRAC3 Trabajo cooperativo. Relación entre la concentración de una disolución y su densidad. Pag. 24. Santillana 4. 2016 Alternativa: pag. 344 y 345 4º ESO ECOS Teide. Juega con la ciencia: la magia de la química en tu propia casa.	Elaboración dun protocolo experimental a partir dunha busca de información	4	Traballos prácticos de laboratorio	1º trimestre setembro 2022
		Avaliación durante as experiencias (cada estrela vale 1 punto): Utilización correcta do material do laboratorio	***		
		Respeto polo protocolo experimental	**		
		O equipo mostra perfecta orde durante a práctica, respeto cara ó profesor e os seus compañeiros, coidado no emprego do material de laboratorio e acata as instrucións do profesor	***		
		O equipo deixa TODO o material limpo , enriba dun papel absorbente listo para volver a ser utilizado.	**		
		Conclusións a partir dos resultados experimentales/Cuestións	4		
		Entrega a tempo do informe de laboratorio. Incorpora fotografías. Incorpora un apartado de dificultades e proposta de mellora	2		
Unidade 2: Átomos e Sistema periódico					
FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos	Simulación do experimento de Rutherford	Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia	1/6 p	Traballo avaliable no cuaderno	1º trimestre outubro 2022
		Interpreta as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.	1/6 p		

<p>ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes.</p> <p>FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.</p>	<p>https://es.tiching.com/el-experimento-de-rutherford/recurso-educativo/53112</p> <p>Evolución teorías atómicas</p> <p>https://es.tiching.com/la-evolucion-de-las-teorias-atomicas/recurso-educativo/53118</p> <p>Actividad pag. 33 Santillana 4 2016 La configuración electrónica de los primeros elementos</p> <p>https://es.tiching.com/link/53121</p>	Partículas subatómicas	1/6 p		
		Z e A	1/6 p		
		Estrutura atómica	1/6 p		
		Isótopos	1/6 p		
		Completa a frase modelo de Dalton	0,25 p		
		Completa a frase modelo de Thompson	0,25 p		
		Completa a frase modelo de Rutherford	0,25 p		
Completa a frase modelo de Bohr	0,25 p				
<p>FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.</p> <p>FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetals e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.</p> <p>FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúalos na táboa periódica.</p>	<p>Modelo atómico de Bohr. Pax. 27. Vicens Vives 4 2016</p> <p>Actividad 5 pag. 27 Vicens Vives 4 2017</p> <p>Configuración electrónica. Pax. 28 Vicens Vives 4 2016</p> <p>Configuración electrónica de iones. Pax. 29 Vicens Vives 4 2016</p> <p>Tabla periódica de los elementos. Pag. 30 y 31. Vicens Vives 4 2016</p> <p>Propiedades periódicas de los elementos. Pag. 34 - 35 Vicens Vives 4 2016</p> <p>Metales y no metales. Pag. 32 - 33 Vicens Vives 4 2016</p>	Establece a configuración electrónica dos elementos	1/6 p	Proba escrita	1º trimestre outubro 2022
		Deduce a súa posición na táboa periódica	1/6 p		
		Deduce os seus electróns de valencia	1/6 p		
		Predice o seu comportamento químico	1/6 p		
		Define carácter metálico e non metálico	1/6 p		
		Clasifica elementos en metais, no metais e semimetals e gases nobres	1/6 p		
Unidade 3: Enlace químico					
<p>FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos</p>	<p>Actividade 3 pax. 55 Santillana 4 2016</p> <p>Actividades 4 e 5 pax. 57 Santillana 4 2016</p>	<p>Manexa os conceptos clave: Teoría do enlace químico, regra do octeto, estruturas de Lewis, enlaces químicos iónicos e covalentes. Comprende que a regra do octeto non é xeneralizable a todos os elementos, pero que se pode aplicar ós elementos máis representativos da táboa periódica</p>	0,2 p	Proba escrita	1º trimestre outubro 2022

e covalentes.	Constrúe moléculas www.tiching.com/736950	Establece a fórmula dos compostos iónicos	0,2 p				
		Establece a fórmula dos compostos covalentes	0,2 p				
		Debuxa as estruturas de Lewis do cloroformo	0,2 p				
		Debuxa as estruturas de Lewis da auga osixenada	0,2 p				
FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.	Actividade 5 pax. 47 Vicens Vives 4 2016 Actividade 3 pax. 49 Vicens Vives 4 2016	Manexa os conceptos clave: substancias iónicas, cristal iónico, fórmula empírica, substancias moleculares, fórmula molecular	0,25 p	Proba escrita	1º trimestre outubro 2022		
		Razona que un composto o cristal iónico simbolízase por unha fórmula empírica que indica a proporción dos ións de cada clase no cristal	0,25 p				
FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica	Máquina interna Motor Stirling. Tecnoloxía Stirling. Equipamento do laboratorio https://www.youtube.com/watch?v=ld34FZUnzdl Un sencillo motor Stirling fabricado con unas canicas un tubo y una jeringa, detalles en "Diez pruebas con calor y temperatura" https://espaciodecesar.com/2013/06/08/diez-pruebas-con-calor-y-temperatura/	Fala despacio e con grande claridade	***	Traballo avaliable no cuaderno Traballo de investigación	3º trimestre xuño 2023
		Amosa un bo entendemento do tema. Rigor científico	**		
		O estudante pode con precisión contestar casi todas as preguntas ormuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase.	***		
		Entrega a tempo guión da exposición	**		
FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC	https://phet.colorado.edu/es/simulation/legacy/energy-forms-and-changes https://fisquiweb.es/Laboratorio/Energia/LabEnergia.htm https://saulotoronfyq.wordpress.com/2016/04/02/conservacion-y-dgradacion-de-la-energia-	Fala despacio e con grande claridade	***	Traballo avaliable no cuaderno Traballo de investigación Traballos prácticos de laboratorio	3º trimestre xuño 2023
		Amosa un bo entendemento do tema. Rigor científico	**		
		O estudante pode con precisión contestar casi todas as preguntas ormuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase.	***		
		Entrega a tempo guión da exposición	**		

	mecanica-videos-profe/ http://blog.educastur.es/ eureka/4%C2%BA-fyg/calor-y- energia-termica/				
--	--	--	--	--	--

e) Grao mínimo de consecución para superar a materia

PROCEDEMENTO 1: Traballo na aula 15%: 5% A libreta do alumno , que será revisada polo docente como mínimo unha vez por trimestre. 5% Retos 5% Experiencias.	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: O 100% das actividades e explicacións propostas en clase deben estar escritas nos apuntamentos de clase. A non entrega dos apuntamentos de clase suporá o suspenso no trimestre (exceptuaranse casos de forza maior, enfermidades ou circunstancias persoais, para o cal terá que estar informada a persoa titora do curso e a Dirección do Instituto)
PROCEDEMENTO 2 Proba escrita 65%:	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: Para poder facer a media co resto dos instrumentos de avaliación cómpre acadar na proba avaliable como mínimo un 35% dos EA avaliados na proba
PROCEDEMENTO 3: Traballo cooperativo no laboratorio -Caderno de laboratorio: 10%	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: O 100% das actividades de laboratorio desenvolvidas durante o trimestre debe estar explicadas no caderno de laboratorio conforme ás regras expostas no principio do curso nos taboleiros de clase e do laboratorio. A non entrega do caderno de laboratorio ou non cumprir as normas de presentación suporá o suspenso no trimestre (exceptuaranse casos de forza maior, enfermidades ou circunstancias persoais, para o cal terá que estar informada a persoa titora do curso e a Dirección do Instituto)
PROCEDEMENTO 4: Realización de pequenos traballos de investigación: 10%: 5% traballo trimestral 5% Boletines	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: O 60% dos traballos de investigación propostos en clase cada trimestre terán que ser presentados e expostos en clase, conforme ó procedemento establecido pola profesora

NOTA FINAL DO CURSO

Realizarase mediante a media da nota decimal (tendo en conta dous demais) de cada unha das avaliacións mais a nota do traballo de ampliación do mes de Xuño, que poderá ser de ata 1 punto.

Redondearanse as notas ao número seguinte a partir de 0,80 .

Critérios específicos traballo cooperativo no laboratorio / Libreta de laboratorio:

- O/A alumno/a amosa perfecta orde durante a práctica, respecto cara ó profesor e os seus compañeiros, coidado no emprego do material de laboratorio e acata as instrucións do profesor.
- O/A alumno/a deixa TODO o material limpo, enriba dun papel absorbente listo para volver a ser utilizado.
- No caderno de laboratorio aparece a data e o título da práctica.
- Aparece o material empregado e o procedemento experimental.
- Aparecen os cálculos, gráficos.

Específico modalidade de ensino non presencial ou semipresencial

As tarefas realizadas nas modalidades de ensino non presencial ou semipresencial serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución.

Deste xeito, o/a alumno/a poderá incrementar, se fora o caso, a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1 punto dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outro punto máis dependendo do grao de consecución das mesmas.

O traballo durante a modalidade de ensino non presencial servirá, se fora o caso, para recuperar as avaliacións pendentes de materias non superadas durante a fase de ensino presencial.

Criterio xeral para decidir a no superación dos estándares do curso: Alumnado que durante a fase de ensino presencial ou semipresencial non amosou ningunha disposición a aprender e ademais estivo desconectado co seu profesorado de forma voluntaria durante a fase non presencial ou semipresencial.

f) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Comezase en 4º ESO na 1ª avaliación cos temas de física e de seguido pasarase á Química

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo desta materia son as seguintes:

- Curso incorporado ó longo do curso 2021-22 ó Proxecto Edixgal. Xa que logo, empregárase no curso 2022-23 un sistema mixto de ensinanza e aprendizaxe.
- Centrarémonos nas competencias claves e que esixan a mínima intervención docente.
- Fomentar a competencia de aprender a aprender, e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, a realización, a presentación e a avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.

- Partir, sempre que sexa posible, de enfrontar o alumnado a situacións problemáticas que deba resolver pondo en xogo os saberes dos que dispón.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade científica, organizando equipos de traballo e propiciando o traballo cooperativo na investigación.
- Considerar as implicacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio natural dos problemas (posibles aplicacións, repercusións negativas, toma de decisións, ciencia e pseudociencia, etc.), e as posibles relacións con outros campos do coñecemento.
- Os recursos dixitais (E-Dixgal, Drive, correo electrónico, mensaxería, videochamadas (BigBlueButton) serán de utilización preferente e as actividades terán un marcado carácter práctico e potenciarán o traballo en equipo e o proceso de avaliación continúa.

As ACTIVIDADES MODELO DE LABORATORIO programadas atópanse no cronograma do apartado d). Ademais, a título informativo, os traballos prácticos de laboratorio desenvolvidos no curso 2021_22, foron :

- 1.-Determinación da gravidade cun péndulo simple. Outubro 2021. Empregouse a folla de cálculo CALC dos portátiles E-DIXGAL para presentar o informe da práctica do péndulo. Subida do arquivo no espazo virtual. O nome do arquivo subido axustouse ó modelo: NOME ALUMNA/O_pendolo simple oct 2021.
- 2.-Acceso Tracker en liña. Empregouse Tracker, software libre que permite a análise de movementos nunha e dúas dimensións. Obtivéronse diferentes gráficas: Posición-tempo, Velocidade-tempo Aceleración-tempo. Caida libre, MRUA, Plano inclinado. Lanzamento vertical.
- 3.-Determinación da calor específica do metal
- 4.-Determinación da PRESIÓN HIDROSTÁTICA (empregáronse manómetros de auga e de alcohol, así como un sensor de presión)
- 5.-Determinación da lonxitude de onda dun láser (Kit Photonics Explorer).
Preparación de disolucións por pesada e por dilución.
- 6.-Determinación de carbonato de calcio en cunchas de mexillón
- 7.-Preparación dun indicador químico natural
- 8.-Preparación de carbonato de calcio por precipitación
- 9.-Determinación da acidez dun vinagre
- 10.-Seguimento dunha reacción química.
- 11.-Determinación da riqueza en carbonato de calcio dunha mostra de mármore
- 12.-Determinación da molaridade dunha disolución concentrada de ácido clorhídrico comercial ("agua forte") por medio da súa valoración cunha disolución « patrón », de hidróxido de sodio, de concentración perfectamente conocida 0,25 M
13. Determinación do índice de refracción (Kit Photonics Explorer).
14. Determinación de la desviación del plano de vibración de la luz polarizada. Empregouse como sustancia ópticamente activa unha disolución de sacarosa en auga próxima a la saturación (0,4 kg/L) (Kit Photonics Explorer).

Neste curso 2022_23, o Departamento solicitou a participación no programa de Innovación Educativa “Club de Ciencia”, no que poderá participar o alumnado de Física e Química 4º ESO que o desexe

g) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

- Curso 2021_22 : implementación no IES Ribeira do Louro de E-Dixgal en todos os cursos da ESO. **Xa que logo, o alumnado de 4º ESO Física e Química contará cunha aula E-Dixgal no curso 2022_23** : os docentes e alumnado desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe que lles permitirá acceder aos contidos dixitais dos provedores. Os docentes poderán elaborar a súa propia “mochila dixital” seleccionando a través da plataforma os contidos formativos e podendo incorporar os materiais complementarios que se desexen, así como os contidos de elaboración propia
- O laboratorio de Física e Química, completamente equipado para os traballos prácticos que podería esixir unha aprendizaxe baseada en proxectos, que conta ademais cun encerado dixital interactivo
- No curso 2022/23 fomentárase o traballo colaborativo entre alumnado e o profesorado a través do proxecto E-Dixgal para 2º ESO

Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial	As necesidades dixitais do alumnado en caso de ter que traballar dende a casa están cubertas, grazas ao proxecto E-Dixgal. O centro conta ademais coas plataformas Moodle institucional e Google Workspace (anteriormente chamado G Suite).
--	---

h) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O referente esencial da avaliación no marco curricular da LOMCE son os estándares de aprendizaxe avaliábeis (EA), que concretan e desenvolven os criterios de avaliación converténdoo en realidade mensurables e xa que logo, susceptibles de cualificación.

A Cualificación final da área na avaliación ordinaria realizarase tendo en conta o nivel de logro adquirido polo alumnado en todos os EA previstos para o curso. O profesorado do Departamento obtendrá unha media ponderada dos EA seleccionados para a primeira, segunda e terceira avaliación

O alumnado da ESO ten dereito a 3 sesións de avaliacións parciais e 1 avaliación final. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria coincidirá coa sesión de avaliación final

Crterios de recuperación

O Departamento de Física e Química organizará ao longo do curso e con anterioridade da data establecida no centro para a 3ª avaliación e a avaliación final, **diferentes actividades de recuperación para alumnado que non supere algunha parte da materia.**

Xa que logo, o alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por trimestre para recuperar os EA non superados nos trimestres anteriores.

Os instrumentos utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para o EA a recuperar.

Procurarase que os EA que teñan carácter transversal (como ocorre coa maioría dos correspondentes á UD 1) se recuperen no marco das distintas UD nas que se poidan desenvolver.

Unha vez superado o EA substitúese a súa cualificación na táboa de EA avaliados, obtendo a nova cualificación.

O alumnado que teña todos os EA avaliados superados **poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación, se así o desexa.**

Darase na Programación 2022-23 un maior peso ó traballo persoal do alumnado a través das tarefas en casa, proxectos e intervencións e saídas na aula. O deberes revisaranse cada día. O Departamento executará as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial	Adoptaranse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas de Física e Química 4º ESO e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que un posible escenario, semipresencial e/ou non presencial , en función da situación sanitaria, puidese ocasionar. O Departamento de Física e Química emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polos seus alumnos e alumnas no curso 2022-23, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe terase en conta de cara a programación do curso 2023-2024. No caso dun posible escenario de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial , o Departamento de Física e Química organizará plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado de Física e Química 4º ESO e especialmente dos máis atrasados.
---	--

	<p>Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados que se emitirán. A programación do Departamento de Física e Química do curso 2022-2023 adaptarase a todas estas circunstancias. <u>Adoptaranse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que calquera situación excepcional do curso 2022-2023 lles impidan adquirir.</u></p>
Aproveitamento didáctico de E-Dixgal para o ensino mixto:	<p>Para as comunicacións: E-Dixgal: Mensaxería e videochamadas (BigBlueButton). Para o almacenamento: Sistema de ficheiros do ordenador E-Dixgal e o servizo Drive da plataforma Google Workspace do centro. Para o traballo colaborativo e a asignación das tarefas: Aplicacións de LibreOffice: Writer, Calc, Impress. Docs, Formularios, Follas de cálculo, Presentacións (Google Workspace), arquivos compartidos no Drive (Google Workspace). Libros Dixitais (E-Dixgal).</p> <p>Para a xestión das clases: EVA E-Dixgal e impartición dos contidos esenciais a través de streaming de vídeo con BigBlueButton (EVA E-Dixgal).</p>
Específico fase de ensino non presencial:	<p>O Departamento de Física e Química poderá realizar actividades de avaliación durante unha posible fase de ensino non presencial, tendo en conta que as alumnas e alumnos de Física e Química 4º ESO poidan realizar os traballos na súa casa, sempre que sexa posible conectados co resto do grupo e cun docente, e ó seu ritmo, coidando sobre todo o aspecto emocional.</p> <p>As tarefas realizadas nas modalidades de ensino non presencial ou semipresencial serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución.</p> <p>Deste xeito, o/a alumno/a poderá incrementar, se fora o caso, a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1 punto dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outro punto máis dependendo do grado de consecución das mesmas.</p> <p>O traballo durante a modalidade de ensino non presencial servirá, se fora o caso, para recuperar as avaliacións pendentes de materias non superadas durante a fase de ensino presencial.</p>
Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave (Física e Química 4º ESO). Docencia non presencial:	<p>As necesidades dixitais do alumnado en caso de ter que traballar dende a casa (confinamento) están cubertas, xa que o instituto pertence ao programa E-Dixgal.</p> <p>O Departamento impartirá clases a través de ferramentas institucionais (EVA E-Dixgal) e, se fora o caso, de Google Workspace, como apoio para a resolución de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles, así como traballos prácticos de laboratorio que se emitirán en streaming de vídeo (BigBlueButton)</p> <p><u>Se algún alumno está confinado poderá seguir as actividades de laboratorio dende a súa casa mediante unha conexión en directo cos seus compañeiros</u></p>

Aprendizaxes imprescindibles 4º ESO:

Resolución de problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional.

Representación das forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.

Resolución de problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica

Determinación da enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica.

Determinación do traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.

Determinación da enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.

Formulación compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.

Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.

Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.

Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores.

Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.

Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro

Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivospuros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.

i) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

1. A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
2. A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

j) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Procedementos e instrumentos de avaliación: A avaliación das materias pendentes realizarase en base a traballos ou probas telemáticas e todas aquelas actividades de recuperación programadas polo departamento e realizadas polo alumnado.

Criterios de cualificación: Verificar que o alumnado alcanza os obxectivos e as competencias clave da etapa. Neste sentido, atenderase a aqueles elementos curriculares máis relevantes e imprescindibles para alcanzar os obxectivos fundamentais desta etapa.

Habilitarase unha aula Edixgal para alumnos coa materia pendente.

Terán que realizar dúas tarefas e dúas probas escritas para superar a materia

- Entrega 1ª tarefa primeira semana de Decembro
- 1ª proba escrita segunda quincena de Xaneiro
- Entrega segunda tarefa ultima semana de Febreiro
- 2ª proba escrita primeira quincena de marzo
- Cualificacións: 30% tarefas, 70 % proba escrita

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados (Santillana 4 2016)

Sistema Internacional de Unidades	Tipos de gráficas	Átomos illados, moléculas e cristais. Os gases nobres. A auga como substancia molecular : xeo, auga líquida e vapor de auga
Factores de conversión para cambio de unidades	A Teoría Cinética da materia	Enlace químico. Regra do octeto. Enlace covalente. Molécula e fórmula. Enlaces intermoleculares
Notación científica	Cómo son os átomos	Cambios físicos e químicos. Como sabemos que se produce unha reacción química ? : aparición dunha luz intensa, desprendemento de gases, aparición dun sólido, desprendemento de calor,...
O método científico	Átomos isótopos e ións. Cómo se representan : nº atómico e máscico	Ácidos binarios, ácidos ternarios, hidróxidos, sales
O movemento. Traxectoria e desprazamento. A velocidade. A aceleración	A forza : efectos estáticos e dinámicos. A forza magnitude vectorial. Acción de varias forzas. Corpos en equilibrio. Cálculo das compoñentes horizontal e vertical	O Universo e a súa interpretación. Modelos xeocéntricos. Modelos heliocéntricos. Leis de Kepler. Movemento circular uniforme. Forza centrípeta. A forza que move os astros
Fluidos. Densidade.	A enerxía. Tipos de enerxía. Características da enerxía	Temperatura. Cómo se mide a temperatura. Escalas termométricas. A Teoría Cinética explica : o comportamento da materia segundo o seu estado, o cero absoluto, os cambios de estado

Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados: traballaranse os exercicios durante as clases e como fichas de traballo para casa. As explicacións serán breves. Ó final avaliarase tanto o traballo en clase como as fichas para casa. O procedemento será o seguinte:

FICHA 1 INTRODUCCIÓN Ó TEMA Despois da explicación entregarase unha ficha para facer en clase e en casa (o profesor actuará como guía neste proceso) para o día seguinte

Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. Resolveránse os exercicios. O alumnado fará as correccións oportunas cun bolígrafo doutra cor. Entregarase esta ficha coas anotacións. O profesor avaliará o traballo e o alumnado arquiva a ficha na súa carpeta de portfolio

FICHA 2 SABER FACER Entregarase outra ficha, esta vez con menos axuda por parte do profesor. A resolución presentarase no taboleiro dixital da clase, o profesor vixiará que non se limiten a copiar do taboleiro, senón que sexa unha axuda (aprender a aprender). Senon rematan na clase, entregarase nos primeiros minutos da seguinte clase. Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. Resolveránse os exercicios. O alumnado fará as correccións oportunas cun bolígrafo doutra cor. Entregarase esta ficha coas anotacións. O profesor avaliará o traballo e o alumnado arquiva a ficha na súa carpeta de portfolio

FICHA 3 CONSOLIDACIÓN Finalmente recibirán unha terceira ficha, con data de entrega. Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. O profesor avaliará cada ficha e o alumnado arquiva a ficha na súa carpeta de portfolio

I) Medidas de atención á diversidade

Plan de reforzo: Realizaranse actividades de reforzo e ampliación com aqueles alumnos que alcanzasen os obxectivos mínimos durante todo o curso. Estas actividades de reforzo estarán colgadas en E-dixgal e suporán un incremento de ata un punto na nota final do alumno

Plan de recuperación. Aqueles alumnos que non alcanzasen os obxectivos mínimos nalgunha das avaliacións terán que realizar un boletín de exercicios (disponible en E-dixgal) e unha proba escrita das avaliacións non superadas.

Reforzo durante o curso (alumnos con necesidades específicas): Aqueles alumnos que presentan unha gran dificultade na materia por ten necesidades educativas específicas, terán un reforzo educativo dentro da aula realizado polo docente da materia. O alumno realizará actividades adaptadas aos obxectivos mínimos de aprendizaxe e probas escritas con contidos mínimos

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán

Na táboa seguinte indícanse os contidos transversais do currículo e como se traballarán na materia de FQ 4º ESO

comprensión lectora	expresión oral e escrita	comunicación audiovisual	TIC	educación cívica e constitucional	espírito emprendedor
Probas escritas Traballo avaliable no cuaderno (rúbrica) Fichas de clase (portfolio) Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica)	Probas escritas Traballo avaliable no cuaderno (rúbrica) Fichas de clase (portfolio) Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica)	Traballo avaliable no cuaderno+Traballos prácticos de laboratorio / <u>exposición en clase co taboleiro dixital da aula ou do laboratorio</u> Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio	Traballo avaliable no cuaderno+Traballos prácticos de laboratorio / <u>exposición en clase co taboleiro dixital da aula ou do laboratorio</u>	Identidade e dignidade da persoa Comprensión e respecto nas relacións interpersoais en clase e no laboratorio Convivencia en clase e no laboratorio Observación dos traballos prácticos de laboratorio en grupo	Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica) Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio

			Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio		
--	--	--	---	--	--

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Neste curso 2022_23, o Departamento solicitou a participación no programa de Innovación Educativa “Club de Ciencias”, no que poderá participar o alumnado de **Física e Química 4º ESO** que o desexe. Sen prexuízo do anterior, neste curso 2022-23, o Departamento ten programada inicialmente a participación do alumnado de 4º ESO en Galiciencia (mes de maio)

o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Todo documento que programe un xeito de levar a cabo uns obxectivos determinados debe ser obxecto de avaliación para determinar en que extensión foron alcanzados os obxectivos previstos. Unha programación didáctica como a presente neste documento, debe xa que logo, prever unha forma de avaliación. Neste caso teranse en conta os seguintes criterios:

1. Actas de reunións do Departamento, onde se pon de manifesto o grado de programación impartida.
2. Documento ou memoria de final de curso, onde se reflicta o balance impartido ou sen impartir durante o curso, así como as causas que o motivaron xunto coa previsión de cambios para o curso seguinte.
3. Reunións do Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar.
4. Seguimiento da programación
5. Rendemento académico dos alumnos: si un 50% dos alumnos/as non alcanza os obxectivos fixados, estudarase a mellor forma de liquidar devandito problema (cambio de metodoloxía empregada polos docentes, cambio de secunciación dos contidos, actividades de recuperación ou outra medida que o profesor considere oportuna).
6. Seguimiento dos alumnos/as con Física e Química pendentes dos cursos anteriores.
7. Incentivar as actividades de ciencias e a participación dos alumnos/as.
8. A programación será revisada antes do comezo do curso escolar (primeira quincena de setembro), tendo en conta a Memoria Final de Curso e as reunións da C.C.P. De ser necesario realizaranse os cambios pertinentes na programación.
9. Mediante enquisas periódicas

Información ao alumnado

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas polo Departamento, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.
2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente:
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>
3. Cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo “Materia Módulo”, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia:
 - Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase:
 - A todo o alumnado, ao comezo do curso.
 - Ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia.
 - Queda dispoñible en cada unha das aulas.

INFORMACIÓN BÁSICA QUE DEBEMOS FACILITAR Ó ALUMNADO (e posteriormente ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia, e tamén a TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA) :	Información básica relativa á programación : obxectivos, contidos, contidos, traballos prácticos de laboratorio, proxectos de innovación Información básica relativa ós criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación (rúbricas, instrumentos de avaliación e o peso asignado a cada instrumento) Criterios de calificación (procedemento para calcular a nota final de avaliación ordinaria e da extraordinaria)
Estas follas de presentación de materia :	Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase: a todo o alumnado, ao comezo do curso e ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia. Queda dispoñible en cada unha das aulas.

Física 2º Bacharelato

a) Introducción e contextualización

A física está presente en todas as nosas actividades diarias; é parte de todos os sucesos naturais e daqueles inventos que axudaron as persoas a conseguiren progreso tecnolóxico e a melloraren as súas condicións de vida. Aproveitando os coñecementos físicos modernos facilitouse a elaboración dos produtos necesarios para a humanidade: chegouse á Lúa, colocáronse satélites de comunicacións en órbita, mellorouse o desenvolvemento dos automóviles, coñécese con anticipación a formación de furacáns e, en xeral, o estado do tempo, fábrícanse mellores electrodomésticos, barcos, avións, maquinarias pesadas e todos aqueles artefactos que as persoas puxeron ao seu servizo na industria.

Polo seu carácter altamente formal, a materia de Física proporciónalle ao alumnado unha eficaz ferramenta de análise e recoñecemento, cuxo ámbito de aplicación transcende os seus obxectivos. Física no segundo curso de bacharelato é esencialmente educativa e debe abranguer todo o espectro de coñecemento da física con rigor, de forma que se asenten as bases metodolóxicas introducidas nos cursos anteriores. Á súa vez, debe dotar o/a alumno/a de novas aptitudes que o capaciten para a súa seguinte etapa de formación, con independencia da relación que esta poida ter coa física.

A materia estrutúrase en seis bloques de contidos nos que aparecen interrelacionados todos os elementos do currículo. O primeiro bloque está dedicado á actividade científica e constitúe o eixe metodolóxico da área, e é necesario que se traballe de forma simultánea con cada un dos bloques restantes. O ensino e a aprendizaxe da física implica a identificación e a análise de problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos (FSB1.1.1.) que inclúan a elaboración e a interpretación de representacións gráficas a partir de datos experimentais e relacionándoas coas ecuacións matemáticas que representan as leis e os principios físicos subxacentes (FSB1.1.4), así como a procura, a análise e a elaboración de información, polo que é de interese o emprego das TIC tanto como ferramenta para a obtención de datos, o tratamento da información, a análise dos resultados e a presentación de conclusións, como para o emprego de aplicacións informáticas de simulación de experimentos físicos que sería difícil desenvolver no laboratorio real (FSB1.2.1.)

O segundo bloque trata a interacción gravitatoria, facendo especial énfase no concepto de campo, co fin de poder desenvolver no bloque 3 os campos eléctrico e magnético.

O bloque 4 céntrase no estudo dos fenómenos ondulatorios. O concepto de onda non se estuda en cursos anteriores e necesita, xa que logo, un enfoque secuencial. En primeiro lugar, trátase desde un punto de vista descritivo e, a continuación, desde un punto de vista funcional. Como casos prácticos concretos estúdanse o son e, de xeito máis amplo, a luz como onda electromagnética.

No bloque 5 trátase a óptica xeométrica, restrinxida ao marco da aproximación paraxial. As ecuacións dos sistemas ópticos preséntanse desde un punto de vista operativo, con obxecto de proporcionarlles aos alumnos e ás alumnas unha ferramenta de análise de sistemas ópticos complexos.

A secuencia de bloques anterior permite introducir a gran unificación da física do século XIX e xustificar a denominación de ondas electromagnéticas.

O derradeiro bloque dedícase á física do século XX. Os principais conceptos introdúcense empiricamente, propondo situacións que requiren unicamente as ferramentas matemáticas básicas, sen perder por iso rigor. A teoría especial da relatividade e a física cuántica preséntanse como alternativas necesarias á insuficiencia da denominada física clásica para resolver determinados feitos experimentais. Neste apartado introdúcense, tamén, os rudimentos do láser, unha ferramenta cotiá na actualidade.

En todos os bloques, a complexidade matemática de determinados aspectos non debe ser obstáculo para a comprensión conceptual de postulados e leis que xa pertencen ao século pasado. Por outro lado, o uso de aplicacións virtuais interactivas suple satisfactoriamente a posibilidade de comprobar experimentalmente os fenómenos físicos estudados.

Os estándares de aprendizaxe avaliados desta materia deseñáronse de xeito que a resolución dos supostos propostos require o coñecemento dos contidos avaliados, así como un emprego consciente, controlado e eficaz das capacidades adquiridas nos cursos anteriores.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.

A pesar de que a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están presentes en todos os estándares, esta materia tamén contribúe, de xeito importante, ao desenvolvemento do resto das competencias clave. Daquela, o traballo en equipo para a realización das experiencias axudará o alumnado a alcanzar as competencias sociais e cívicas; a análise dos textos científicos, a argumentación e a defensa de proxectos, ou a interpretación da información afianzarán os hábitos de lectura; o deseño de experiencias e pequenas investigacións fomentará a autonomía na aprendizaxe, aprender a aprender, e o espírito crítico; a herdanza histórica (a ciencia na cultura europea) ou a estética nas presentacións contribuirán á competencia de conciencia e expresións culturais; o emprego de aplicacións interactivas axudará ao desenvolvemento da competencia dixital; a aplicación do método científico e a avaliación de resultados axudarán á organización da propia aprendizaxe; e, por suposto, a argumentación, a interpretación da información e a exposición de resultados desenvolven a competencia de comunicación lingüística.

Perfil competencial da materia de Física de 2º bacharelato

	CAA	CSIEE	CD	CC L	CSC	CCE C	CMCC T
FSB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica, propondo preguntas, identificando e analizando problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos, analizando tendencias a partir de modelos, e deseñando e propondo estratexias de actuación.		■		■	■		■
FSB1.1.2. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico.	■						■
FSB1.1.3. Resolve exercicios nos que a información debe deducirse a partir dos datos proporcionados e das ecuacións que rexen o fenómeno, e contextualiza os resultados.	■						■
FSB1.1.4. Elabora e interpreta representacións gráficas de dúas e tres variables a partir de datos experimentais, e relaciónaas coas ecuacións matemáticas que representan as leis e os principios físicos subxacentes.	■						■
FSB1.2.1. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil implantación no laboratorio.			■				■
FSB1.2.2. Analiza a validez dos resultados obtidos e elabora un informe final facendo uso das TIC, no que se comunique tanto o proceso como as conclusións obtidas.		■	■	■			■
FSB1.2.3. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica existente en internet e noutros medios dixitais.			■				■
FSB1.2.4. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	■		■	■			■
FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	■		■	■	■	■	■
FSB2.1.1. Diferencia os conceptos de forza e campo, establecendo unha relación entre a intensidade do campo gravitatorio e a aceleración da gravidade.							■
FSB2.1.2. Representa o campo gravitatorio mediante as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.						■	■
FSB2.2.1. Xustifica o carácter conservativo do campo gravitatorio e determina o traballo realizado polo campo a partir das variacións de enerxía potencial.							■
FSB2.3.1. Calcula a velocidade de escape dun corpo aplicando o principio de conservación da enerxía							■

mecánica.							
FSB2.4.1. Aplica a lei de conservación da enerxía ao movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias.							
FSB2.5.1. Deduce a velocidade orbital dun corpo, a partir da lei fundamental da dinámica, e relaciónaa co raio da órbita e a masa do corpo.							
FSB2.5.2. Identifica a hipótese da existencia de materia escura a partir dos datos de rotación de galaxias e a masa do burato negro central.							
FSB2.6.1. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para o estudo de satélites de órbita media (MEO), órbita baixa (LEO) e de órbita xeostacionaria (GEO), e extrae conclusións.							
FSB2.7.1. Describe a dificultade de resolver o movemento de tres corpos sometidos á interacción gravitatoria mutua utilizando o concepto de caos.							
FSB3.1.1. Relaciona os conceptos de forza e campo, establecendo a relación entre intensidade do campo eléctrico e carga eléctrica.							
FSB3.1.2. Utiliza o principio de superposición para o cálculo de campos e potenciais eléctricos creados por unha distribución de cargas puntuais.							
FSB3.2.1. Representa graficamente o campo creado por unha carga puntual, incluíndo as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.							
FSB3.2.2. Compara os campos eléctrico e gravitatorio, e establece analogías e diferenzas entre eles.							
FSB3.3.1. Analiza cualitativamente a traxectoria dunha carga situada no seo dun campo xerado por unha distribución de cargas, a partir da forza neta que se exerce sobre ela.							
FSB3.4.1. Calcula o traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha ou máis cargas puntuais a partir da diferenza de potencial.							
FSB3.4.2. Predí o traballo que se realizará sobre unha carga que se move nunha superficie de enerxía equipotencial e discúteo no contexto de campos conservativos.							
FSB3.5.1. Calcula o fluxo do campo eléctrico a partir da carga que o crea e a superficie que atravesan as liñas do campo.							
FSB3.6.1. Determina o campo eléctrico creado por unha esfera cargada aplicando o teorema de Gauss.							

FSB3.7.1. Explica o efecto da gaiola de Faraday utilizando o principio de equilibrio electrostático e recoñéceo en situacións cotiás, como o mal funcionamento dos móbiles en certos edificios ou o efecto dos raios eléctricos nos avións.							
FSB3.8.1. Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas.							
FSB3.9.1. Relaciona as cargas en movemento coa creación de campos magnéticos e describe as liñas do campo magnético que crea unha corrente eléctrica rectilínea.							
FSB3.10.1. Calcula o raio da órbita que describe unha partícula cargada cando penetra cunha velocidade determinada nun campo magnético coñecido aplicando a forza de Lorentz.							
FSB3.10.2. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para comprender o funcionamento dun ciclotrón e calcula a frecuencia propia da carga cando se move no seu interior.							
FSB3.10.3. Establece a relación que debe existir entre o campo magnético e o campo eléctrico para que unha partícula cargada se mova con movemento rectilíneo uniforme aplicando a lei fundamental da dinámica e a lei de Lorentz.							
FSB3.11.1. Analiza o campo eléctrico e o campo magnético desde o punto de vista enerxético, tendo en conta os conceptos de forza central e campo conservativo.							
FSB3.12.1. Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.							
FSB3.12.2. Caracteriza o campo magnético creado por unha espira e por un conxunto de espiras.							
FSB3.13.1. Analiza e calcula a forza que se establece entre dous condutores paralelos, segundo o sentido da corrente que os percorra, realizando o diagrama correspondente.							
FSB3.14.1. Xustifica a definición de ampere a partir da forza que se establece entre dous condutores rectilíneos e paralelos.							
FSB3.15.1. Determina o campo que crea unha corrente rectilínea de carga aplicando a lei de Ampère e exprésao en unidades do Sistema Internacional.							
FSB3.16.1. Establece o fluxo magnético que atravesa unha espira que se atopa no seo dun campo magnético e exprésao en unidades do Sistema Internacional.							

FSB3.17.1. Calcula a forza electromotriz inducida nun circuíto e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz.							
FSB3.17.2. Emprega aplicacións virtuais interactivas para reproducir as experiencias de Faraday e Henry e deduce experimentalmente as leis de Faraday e Lenz.							
FSB3.18.1. Demostra o carácter periódico da corrente alterna nun alternador a partir da representación gráfica da forza electromotriz inducida en función do tempo.							
FSB3.18.2. Infíre a produción de corrente alterna nun alternador, tendo en conta as leis da indución.							
FSB4.1.1. Determina a velocidade de propagación dunha onda e a de vibración das partículas que a forman, interpretando ambos os resultados.							
FSB4.2.1. Explica as diferenzas entre ondas lonxitudinais e transversais a partir da orientación relativa da oscilación e da propagación.							
FSB4.2.2. Recoñece exemplos de ondas mecánicas na vida cotiá.							
FSB4.3.1. Obtén as magnitudes características dunha onda a partir da súa expresión matemática.							
FSB4.3.2. Escribe e interpreta a expresión matemática dunha onda harmónica transversal dadas as súas magnitudes características.							
FSB4.4.1. Dada a expresión matemática dunha onda, xustifica a dobre periodicidade con respecto á posición e ao tempo.							
FSB4.5.1. Relaciona a enerxía mecánica dunha onda coa súa amplitude.							
FSB4.5.2. Calcula a intensidade dunha onda a certa distancia do foco emisor, empregando a ecuación que relaciona ambas as magnitudes.							
FSB4.6.1. Explica a propagación das ondas utilizando o principio Huygens.							
FSB4.7.1. Interpreta os fenómenos de interferencia e a difracción a partir do principio de Huygens.							
FSB4.8.1. Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción.							
FSB4.9.1. Obtén o coeficiente de refracción dun medio a partir do ángulo formado pola onda reflectida e							

refractada.							
FSB4.9.2. Considera o fenómeno de reflexión total como o principio físico subxacente á propagación da luz nas fibras ópticas e a súa relevancia nas telecomunicacións.							
FSB4.10.1. Recoñece situacións cotiás nas que se produce o efecto Doppler, e xustifícaa de forma cualitativa.							
FSB4.11.1. Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibeles e a intensidade do son, aplicándoa a casos sinxelos.							
FSB4.12.1. Relaciona a velocidade de propagación do son coas características do medio en que se propaga.							
FSB4.12.2. Analiza a intensidade das fontes de son da vida cotiá e clasifícaa como contaminantes e non contaminantes.							
FSB4.13.1. Coñece e explica algunhas aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras, como a ecografía, o radar, o sonar, etc.							
FSB4.14.1. Representa esquematicamente a propagación dunha onda electromagnética incluíndo os vectores do campo eléctrico e magnético.							
FSB4.14.2. Interpreta unha representación gráfica da propagación dunha onda electromagnética en termos dos campos eléctrico e magnético e da súa polarización.							
FSB4.15.1. Determina experimentalmente a polarización das ondas electromagnéticas a partir de experiencias sinxelas, utilizando obxectos empregados na vida cotiá.							
FSB4.15.2. Clasifica casos concretos de ondas electromagnéticas presentes na vida cotiá en función da súa lonxitude de onda e a súa enerxía.							
FSB4.16.1. Xustifica a cor dun obxecto en función da luz absorbida e reflectida.							
FSB4.17.1. Analiza os efectos de refracción, difracción e interferencia en casos prácticos sinxelos.							
FSB4.18.1. Establece a natureza e as características dunha onda electromagnética dada a súa situación no espectro.							
FSB4.18.2. Relaciona a enerxía dunha onda electromagnética coa súa frecuencia, a lonxitude de onda e a velocidade da luz no baleiro.							

FSB4.19.1. Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas.							
FSB4.19.2. Analiza o efecto dos tipos de radiación sobre a biosfera en xeral, e sobre a vida humana en particular.							
FSB4.19.3. Deseña un circuío eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento.							
FSB4.20.1. Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión da información.							
FSB5.1.1. Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica.							
FSB5.2.1. Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla.							
FSB5.2.2. Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.							
FSB5.3.1. Xustifica os principais defectos ópticos do ollo humano (miopía, hipermetropía, presbicia e astigmatismo), empregando para iso un diagrama de raios.							
FSB5.4.1. Establece o tipo e disposición dos elementos empregados nos principais instrumentos ópticos, tales como lupa, microscopio, telescopio e cámara fotográfica, realizando o correspondente trazado de raios.							
FSB5.4.2. Analiza as aplicacións da lupa, o microscopio, o telescopio e a cámara fotográfica, considerando as variacións que experimenta a imaxe respecto ao obxecto.							
FSB6.1.1. Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da relatividade.							
FSB6.1.2. Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron.							
- **Nas unidade de interacción electromagnética (campo eléctrico e magnético) e na unidade de inducción electromagnética**, as actividades prácticas terán relación coa carga por indución e o apantallamento electromagnético (gaiola de Faraday), desde una perspectiva procedemental e cualitativa. A experiencia de Oersted e a observación de campos magnéticos producidos por imáns permanentes e correntes eléctricas, desde una perspectiva procedemental e cualitativa. Así mesmo, estudarase cuantitativamente o funcionamento dun ciclotrón mediante unha aplicación virtual. Estudaranse as experiencias de Faraday e Henry e os fundamentos da produción de corrente alterna, desde una perspectiva procedemental e cualitativa.

- **Na unidade didáctica de ondas**, as cuestións prácticas terán relación con experiencias de polarización, desde una perspectiva procedemental e cualitativa. Por outra banda, haberá cuestións relativas a experiencias que permitan tanto a análise procedemental e cualitativa como a aplicación cuantitativa de ferramentas básicas de procesamento de datos: Determinación de índices de refracción e ángulo límite e aplicación do fenómeno da difracción para a determinación do grosor dunha mostra filiforme.
- **Na unidade de óptica xeométrica**, as actividades prácticas terán relación con experiencias simples de óptica, que permitan tanto a análise procedemental e cualitativa como a aplicación cuantitativa de ferramentas básicas de procesamento de datos. Estas actividades incluírán: o cálculo da distancia focal e da potencia dunha lente converxente, biconvexa delgada e o cálculo da altura do obxecto.
- **Na unidade de Física do século XX (Física cuántica)**, as actividades prácticas, referiranse á análise e interpretación de datos relacionados co efecto fotoléctrico, que permitan tanto a análise cualitativa como a aplicación cuantitativa de ferramentas básicas de procesamento de datos (representacións gráficas, cálculo da pendente para a determinación da constante de Planck, etc).

PRÁCTICAS DE LABORATORIO <http://ciug.gal/PDF/pracorientfisica18.pdf>

- 1.SATÉLITES TERRESTRES E AS SÚAS ÓRBITAS
- 2.CARGA POR INDUCCIÓN. GAIOLA DE FARADAY.
- 3.OBSERVACIÓN DE CAMPOS MAGNÉTICOS. EXPERIENCIAS DE OERSTED
- 4.FUNCIONAMENTO DUN CICLOTRÓN
- 5.EXPERIENCIAS DE FARADAY E HENRY
- 6.INTERFERENCIA E DIFRACCIÓN
- 7.DETERMINACIÓN DO ÍNDICE DE REFRACCIÓN DUN MEDIO
- 8.POLARIZACIÓN
- 9.LENTES CONVERXENTES
- 10.EFECTO FOTOELÉCTRICO

Os recursos dixitais (Moodle institucional e Google Classroom corporativo dominio @iesribeiralouro.com.es, así como as plataformas de videoconferencias como Google Meet, serán de utilización preferente no ensino mixto e as actividades terán un marcado carácter práctico e potenciarán o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

h) Específico FÍSICA 2º BACH: Propostas para a revisión da programación no curso 2021/2022

Inclusión para o alumnado de 2º Bach Física dos estándares de aprendizaxe non acadados na programación do departamento para o curso 2022-23 (en especial, para o alumnado do grupo A: Electrostática e Campo eléctrico)

i) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Empregarase a maior variedade posible (libros de texto, fotocopias, internet, ordenador, canón de vídeo, encerado dixital interactivo..)

1. O laboratorio de Física e Química, completamente equipado para os traballos prácticos que podería esixir unha aprendizaxe baseada en proxectos, que conta ademais cun encerado dixital interactivo
2. As aulas de 2º bacharelato están dotadas con material audiovisual. Contamos con canón de video no laboratorio, así como encerado dixital interactivo.
3. Recursos educativos para aprender experimentos de Física e simulacións virtuais

Libro de texto de apoio:

Física 2º Bach Baía Edicións 2021

- Simulación (<http://www.stuffin.space>) con tipos de órbitas para colocar os satélites no espazo.
- Lectura sobre o funcionamento da gaiola de Faraday no interior dun ascensor: <http://gluonconleche.blogspot.com.es/2005/11/el-mito-de-la-jaula-de-faraday.html>
- Visualizar o comportamento dunha partícula cargada en presenza de campos eléctricos e magnéticos:
http://www.kcvs.ca/site/projects/physics_files/particleMandEField/pInMagneticFieldandE.swf
- http://acer.forestaes.upm.es/basicas/udfisica/asignaturas/fisica/animaciones_files/ciclotron.swf
- Visualizar o funcionamento dun ciclotrón, manipulando os datos precisos para analizar a relación entre frecuencia/período e campo magnético.
<http://physics.bu.edu/~duffy/HTML5/cyclotron.html>
- http://www.sc.ehu.es/sbweb/fisica_/elecmagnet/movimiento/ciclotron/ciclo.html
- http://www.kcvs.ca/site/projects/physics_files/newCyclotron/Cyclotron.swf
- Simulación virtual lentes en http://phet.colorado.edu/sims/geometric-optics/geometric-optics_es.html
- Physlet, descargable en galego de <https://phet.colorado.edu/gl/simulation/photoelectric>
- Contas de Google Workspace para o alumnado e profesorado: traballo colaborativo
- **Photonics Explorer**: kit de fotónica educativo con experimentos sobre a luz e a tecnoloxía da luz. O kit fornécelle ao profesorado un conxunto de material experimental adaptado aos obxectivos educativos dos plans de estudo da ESO e de Bacharelato. O Photonics Explorer aplica o método da aprendizaxe por investigación guiada con experimentos sobre a luz e a tecnoloxía da luz. Polarización – aplicacións en pantallas e ciencias da vida. Difracción e interferencia – difracción nunha fenda, espectrometría (Seguridade do láser). O kit foi patrocinado por:



j) Instrucións específicas Programacións 2022_23 Cronograma final de curso

- A avaliación final ordinaria adecuarase ás **datas da ABAU 2023 (6, 7, 8 xuño)**
- A 3ª avaliación parcial pode coincidir coa data da avaliación final ordinaria.
- O alumnado ten dereito a solicita a revisión e a reclamación das cualificacións finais.
- As probas finais da convocatoria extraordinaria realizarase entre o **19 e o 21 de xuño**.
- As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato, **realizarase a partir do día 22 de xuño de 2023**.

As clases antes da avaliación ordinaria rematarán o 3 de xuño (aprox.).

Dende o 3 e ata o 22 de xuño (aprox.) faremos actividades de reforzo e ampliación e **a avaliación extraordinaria será a partir do 23 de xuño (aprox.)**

As datas de avaliación da 1ª e 2ª avaliación adiantarase respecto a anos anteriores.

Plans de reforzo e recuperación: O Departamento dispón de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como traballos prácticos de laboratorio de recuperación, adaptadas às propostas de prácticas do Grupo de Traballo de CIUG

Posible transición ao ensino non presencial. Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial. Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

- Adoptaranse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que un posible escenario, **semipresencial e/ou non presencial**, en función da situación sanitaria, puidese ocasionar

- O Departamento de Física e Química emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polos seus alumnos e alumnas no curso 2022-23, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe terase en conta de cara a programación do curso 2023-2022.
- No caso dun posible escenario de actividade lectiva **semipresencial e/ou non presencial**, o Departamento de Física e Química organizará plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas, co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados. Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados e nas eventuais avaliacións iniciais que puidesen realizarse.
- A programación do Departamento de Física e Química adaptarase a todas estas circunstancias.
- Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais (Moodle), Google Workspace e LibreOffice para o ensino mixto:

Moodle institucional proxecto Webs Dinámicas e Google Workspace (antigo G Suite) para Centros Educativos. Dominio: iesribeiralouro.com.es
 Aplicacións empregadas de Google

- Para as comunicacións: Gmail, Calendar, Grupos e Meet (ferramentas administradas polo centro)
 - Para o almacenamento: Drive
 - Para o traballo colaborativo e a asignación das tarefas: Docs, Formularios, Follas de cálculo, Presentacións e Classroom
 - Para a xestión das clases: Classroom e impartición dos contidos esenciais a través de videoconferencias con Meet e coa plataforma da Xunta Falemos
- Aplicacións de LibreOffice: Writer, Calc, Impress

O Departamento de Física e Química poderá realizar actividades de avaliación durante a fase de ensino non presencial, tendo en conta que as alumnas e alumnos poidan realizar os traballos na súa casa, sempre que sexa posible conectados co resto do rupo e cun docente, e ó seu ritmo, coidando sobre todo o aspecto emocional.

As tarefas realizadas nas modalidades de ensino non presencial ou semipresencial serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución. Instrumentos: rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das tarefas durante a fase de ensino non presencial e o seu grao de consecución.

Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos avaliación mais adecuados para a consecución deste obxectivo.

Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave (FÍSICA 2º Bach). Docencia non presencial

O Departamento impartirá clases a través de ferramentas institucionais (Moodle) e de Google Workspace como apoio para a resolución de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles, así como traballos prácticos de laboratorio que se emitirán en streaming de vídeo a través de Classroom.

Se algún alumno está confinado poderá seguir as actividades de laboratorio dende a súa casa mediante unha conexión en directo cos seus compañeiros

Aprendizaxes imprescindibles:

EXEMPLO DE ADAPTACIÓN:

FICHA 1 PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FÍSICA 2º BACH 2021_22 CONSIDERANDO UN ESCENARIO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL EN FUNCIÓN DE LA SITUACIÓN SANITARIA

A determinación da intensidade de campo gravitacional e da forza gravitacional resultante sobre unha determinada masa.

A aplicación de consideracións enerxéticas ao movemento de masas no campo gravitacional e ao movemento de satélites: posta en órbita, cambio de órbita e velocidade de escape

A aplicación do carácter conservativo do campo eléctrico e do principio de conservación da enerxía.

O cálculo do campo eléctrico e do potencial creados por una esfera condutora cargada.

Efecto dun campo magnético sobre unha carga eléctrica e sobre un fío de corrente.

A determinación da forza entre correntes paralelas

A aplicación da lei de Faraday-Lenz á análise de correntes inducidas e a determinación das magnitudes implicadas.

A determinación da ecuación dunha onda harmónica do tipo $y(x,t) = A \text{sen}(kx \mp \omega t + \varphi_0)$, ou semellante, a partir das súas magnitudes características.

A aplicación das leis da reflexión e refracción á determinación de ángulos e índices de refracción en superficies de separación simples e múltiples.

Determinación de índices de refracción e ángulo límite. ■ Aplicación do fenómeno da difracción para a determinación do grosor dunha mostra filiforme.

A determinación, gráfica e analítica, das posicións, tamaños do obxecto e da imaxe e distancias focais, en dioptrios, espellos e lentes.

Contracción do espazo, dilatación do tempo e equivalencia masaenerxía.

O cálculo das magnitudes que caracterizan o efecto fotoeléctrico.

O cálculo das magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas.

O cálculo da enerxía de enlace nuclear

k) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O referente esencial da avaliación no marco curricular da LOMCE son os estándares de aprendizaxe avaliáveis (EA), que concretan e desenvolven os criterios de avaliación converténdoo en realidades mensurables e xa que logo, susceptibles de cualificación.

A Cualificación final de Física na avaliación ordinaria realizarase tendo en conta o nivel de logro adquirido polo alumnado en todos os EA previstos para o curso. O profesorado do Departamento obtendrá unha media ponderada dos EA seleccionados para a primeira, segunda e terceira avaliación Se redondeara ao decimal seguinte a partir de 0,75

l) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

Darase na Programación 2022-23 un maior peso ó traballo persoal do alumnado a través das tarefas en casa, proxectos e intervencións e saídas na aula. As tarefas para casa revisaranse cada día.

m) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Modalidade de ensino presencial

- Os alumnos coa asignatura de Física e Química do 1º Bacharelato pendente teñen dereito a un exame global da materia no mes de Maio (en data fixada pola dirección do centro) e a unha proba extraordinaria no mes de Setembro.
- Plan de traballo para os alumnos que teñan Física e Química do 1º Bacharelato pendente. O plan concretouse na elaboración de dúas cuadernillos de exercicios e problemas relativos á Física e Química do curso que o alumno teña pendente. Estes cuadernillos redactaranse a partir do material didáctico utilizado polo alumno no curso anterior.
- Os alumnos/as que teñan suspensa a Física e Química do curso anterior, poderán recuperala completando os dous cuadernillos e entregándoos nas datas que figuran en cada un deles.
- Na data de entrega do traballo, o profesor que lles imparte clase, faralles un exame sobre a materia de cada cuadernillo. Si non aprobasen estes exames terían que presentarse a un exame final que oportunamente anunciará a Xefatura de estudos. Aprobar este exame supón aprobar a materia do curso anterior.
- Co fin de facilitarlle a superación da asignatura o departamento considerou facer a maiores dúas probas para repartir a materia, unha en xaneiro e outra en abril, que deben superarse cunha nota media de 5 cun mínimo de 4 en cada proba.

- Tamén será obrigatorio para poder aprobar, entregar na data fixada as actividades de reforzo que o departamento lle dará a cada alumno/a no mes de outubro.
- En caso contrarior, farán o exame global da materia no mes de Maio.

Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial

Alumnado de materia pendente. Procedementos e instrumentos de avaliación: A avaliación das materias pendentes realizarase en base a traballos ou probas telemáticas e todas aquelas actividades de recuperación programadas polo departamento e realizadas polo alumnado antes da suspensión das clases, se fora o caso

Criterios de cualificación: Verificar que o alumnado alcanza os obxectivos e as competencias clave da etapa. Neste sentido, atenderase a aqueles elementos curriculares máis relevantes e imprescindibles para alcanzar os obxectivos fundamentais desta etapa.

n) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para matricularse e cursar as materias seguintes:

-Física de 2º necesita física e química de 1º.

-Química de 2º necesita física e química de 1º.

O alumnado poderá matricularse da materia Química de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico propondrá un plan de traballo con expresión dos contidos

mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

o) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

O Departamento dispón de Series de problemas, así como de propostas de actividades prácticas de laboratorio, para detectar o punto de partida do alumnado.

Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados: traballaranse os exercicios durante as clases e como fichas de traballo para casa. As explicacións serán breves. Ó final avaliarase tanto o traballo en clase como as fichas para casa. O procedemento será o seguinte:

- **FICHA 1 INTRODUCCIÓN Ó TEMA** Despois da explicación entregárase unha ficha para facer en clase e en casa (o profesor actuará como guía neste proceso) para o día seguinte
- Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. Resolveráanse os exercicios. O alumnado fará as correccións oportunas cun bolígrafo doutra cor. Entregárase esta ficha coas anotacións. O profesor avaliará o traballo e o alumnado arquiva a ficha na súa carpeta de portfolio
- **FICHA 2 SABER FACER** Entregárase outra ficha, esta vez con menos axuda por parte do profesor. A resolución presentarase no taboleiro dixital da clase, o profesor viviará que non se limiten a copiar do taboleiro, senón que sexa unha axuda (aprender a aprender). Senon rematan na clase, entregárase nos primeiros minutos da seguinte clase. Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. Resolveráanse os exercicios. O alumnado fará as correccións oportunas cun bolígrafo doutra cor. Entregárase esta ficha coas anotacións. O profesor avaliará o traballo e o alumnado arquiva a ficha na súa carpeta de portfolio
- **FICHA 3 CONSOLIDACIÓN** Finalmente recibirán unha terceira ficha, con data de entrega. Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. O profesor avaliará cada ficha e o alumnado arquiva a ficha na súa carpeta de portfolio

A totalidade do alumnado debe completar o seu portfolio (carpeta de clase coas fichas de traballo propostas para clase e para casa). O 100% das fichas. Cada día de retraso significará un 50% menos na nota deste apartado.

p) Medidas de atención á diversidade.

Nun proceso de ensino-aprendizaxe baseada na identificación das necesidades do alumno, é fundamental ofrecerlle cantos recursos educativos sexan necesarios para que a súa formación axústese ás súas posibilidades, nuns casos porque estas son maiores que as do grupo, noutras porque necesita reaxustar o seu ritmo de aprendizaxe polas dificultades con que se atopa.

Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe, é dicir, para adecuar o ensino á aprendizaxe e para facer compatibles a comprensividade e a diversidade, propóñense en cada unidade novas actividades, diferenciadas entre **FICHAS 1 INTRODUCCIÓN Ó TEMA, FICHAS 2 SABER FACER e FICHAS 3 CONSOLIDACIÓN** que figuran nos materiais didácticos de uso do profesor, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumno.

En cada avaliación, salvo na primeira, realizaranse actividades de recuperación dos EA non superados da avaliación anterior, (proba escrita, traballos prácticos, traballo avaliabile no caderno, portfolio) que de ser aprobadas, eximirá ao alumno da recuperación da avaliación suspensa ao final do curso. No caso dos EA asociados a unha proba escrita e ó traballos prácticos de laboratorio, convocarase ó alumnado fóra do horario lectivo do centro.

Ao final de curso, os alumnos con avaliacións pendentes presentaranse a unhas probas (proba escrita, traballos prácticos, traballo avaliabile no caderno, portfolio) no que cada un fará a parte que lle quede pendente. Para aprobar o curso débense ter as tres avaliacións aprobadas.

Na ficha de presentación da materia ó alumnado, inclúese a seguinte frase: Nunca teñades medo a preguntar. Anímovos a facelo ou pedirme axuda se algo non está claro. Aproveitade para facelo en clase, ao final, cando vos deixe un tempo para empezar coas tarefas para casa, ou ben nos recreos

q) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Na táboa seguinte indícanse os contidos transversais do currículo e como se traballarán na materia de Física 2º Bach

comprensión lectora	expresión oral e escrita	comunicación audiovisual	TIC	educación cívica e constitucional	espírito emprendedor
Probas escritas Traballo avaliabile no cuaderno (rúbrica) Fichas de clase (portfolio) Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica)	Probas escritas Traballo avaliabile no cuaderno (rúbrica) Fichas de clase (portfolio) Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica)	Traballo avaliabile no cuaderno+Traballos prácticos de laboratorio / <u>exposición en clase co taboleiro dixital da aula ou do laboratorio</u> Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio	Traballo avaliabile no cuaderno+Traballos prácticos de laboratorio / <u>exposición en clase co taboleiro dixital da aula ou do laboratorio</u> Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio	Identidade e dignidade da persoa Comprensión e respecto nas relacións interpersoais en clase e no laboratorio Convivencia en clase e no laboratorio Observación dos traballos prácticos de laboratorio en grupo	Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica) Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio

r) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Neste curso 2022_23, o Departamento ten programada inicialmente a seguinte actividade para **Física 2º Bach**:

Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE): charla divulgativas para centros educativos sobre diferentes temas nos que investigan Explicación de forma amena e accesíbel en que consiste a carreira científica, os experimentos e colaboracións internacionais nos que traballan e algúns dos temas máis punteiros e de actualidade en física: buracos negros, a orixe do universo, ondas gravitacionais, física cuántica...

s) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Todo documento que programe un xeito de levar a cabo uns obxectivos determinados debe ser obxecto de avaliación para determinar en que extensión foron alcanzados os obxectivos previstos. Unha programación didáctica como a presente neste documento, debe xa que logo, prever unha forma de avaliación. Neste caso teranse en conta os seguintes criterios:

1. Actas de reunións do Departamento, onde se pon de manifesto o grado de programación impartida.
2. Documento ou memoria de final de curso, onde se reflicta o balance impartido ou sen impartir durante o curso, así como as causas que o motivaron xunto coa previsión de cambios para o curso seguinte.
3. Reunións do Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar.
4. Seguimiento da programación
5. Rendemento académico dos alumnos: si un 50% dos alumnos/as non alcanza os obxectivos fixados, estudarase a mellor forma de liquidar devandito problema (cambio de metodoloxía empregada polos docentes, cambio de secunciación dos contidos, actividades de recuperación ou outra medida que o profesor considere oportuna).
6. Seguimiento dos alumnos/as con Física e Química pendentes dos cursos anteriores.
7. Incentivar as actividades de ciencias e a participación dos alumnos/as.
8. A programación será revisada antes do comezo do curso escolar (primeira quincena de setembro), tendo en conta a Memoria Final de Curso e as reunións da C.C.P. De ser necesario realizaranse os cambios pertinentes na programación.
9. Mediante enquisas periódicas

EVALUACIÓN DE LA PRÁCTICA DOCENTE E INDICADORES DE LOGRO
ADECUACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
**RESULTADOS
ACADÉMICOS**
**PROPUESTAS DE
MEJORA**
Preparación de la clase y los materiales didácticos.

Hay coherencia entre lo programado y el desarrollo de la clase.

Existe una distribución temporal equilibrada.

Se adecua el desarrollo de la clase con las características del grupo.

Se han tenido en cuenta aprendizajes significativos.

Se considera la interdisciplinariedad (en actividades, tratamiento de los contenidos, etc.).

Utilización de una metodología adecuada.

La metodología fomenta la motivación y el desarrollo de las capacidades del alumno/a.

La metodología incluye el trabajo de competencias e inteligencias múltiples.

Grado de seguimiento de los alumnos.

Regularización de la práctica docente.

Validez de los recursos utilizados en clase para los aprendizajes.

Los criterios de promoción están consensuados entre los profesores.

Evaluación de los aprendizajes e información que de ellos se da a los alumnos y a las familias.

Los estándares de aprendizaje evaluables se encuentran vinculados a las competencias, contenidos y criterios de evaluación.

Los instrumentos de evaluación permiten registrar numerosas variables del aprendizaje.

Los criterios de calificación están ajustados a la tipología de actividades planificadas.

Los criterios de evaluación y los criterios de calificación se han dado a conocer:

- a los alumnos

- a las familias

Se adoptan medidas con antelación para conocer las dificultades de aprendizaje.

Se ha ofrecido respuesta a las diferentes capacidades y ritmos de aprendizaje.

Las medidas y recursos ofrecidos han sido suficientes.

Se aplican medidas extraordinarias recomendadas por el equipo docente atendiendo a los informes psicopedagógicos.

Utilización de medidas para la atención a la diversidad.

Crterios para avaliar a programación

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

Información ao alumnado

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas polo Departamento, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.
2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>

3. Cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo “Materia Módulo”, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Estas follas de presentación de materia:
- Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase:
 - A todo o alumnado, ao comezo do curso.
 - Ás persoas ás que lles corresponda a tutoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia.
 - Queda dispoñible en cada unha das aulas.

INFORMACIÓN BÁSICA QUE DEBEMOS FACILITAR Ó ALUMNADO (e posteriormente ás persoas ás que lles corresponda a tutoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia, e tamén a TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA) :	Información básica relativa á programación : obxectivos, contidos, contidos, traballos prácticos de laboratorio, proxectos de innovación Información básica relativa ós criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación (rúbricas, instrumentos de avaliación e o peso asignado a cada instrumento) Criterios de calificación (procedemento para calcular a nota final de avaliación ordinaria e da extraordinaria)
Estas follas de presentación de materia :	Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase: a todo o alumnado, ao comezo do curso e ás persoas ás que lles corresponda a tutoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia. Queda dispoñible en cada unha das aulas.

O Porriño, 17 febreiro 2023

María Rial Pan
 Marcelino Veiguela Fuentes

Química 2º Bacharelato

a) Introducción e contextualización

A materia de Química no bacharelato debe contribuír a afondar no coñecemento do mundo que rodea o alumnado, á familiarización coa actividade científica e tecnolóxica, e ao desenvolvemento das competencias clave. Desde esta disciplina débese seguir atendendo ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente, en particular ás aplicacións da química, á súa presenza na vida cotiá e ás súas repercusións directas en numerosos ámbitos da sociedade actual. A súa relación con outros campos de coñecemento, como a bioloxía, a medicina, a enxeñaría, a xeoloxía, a astronomía, a farmacia ou a ciencia dos materiais, por citar algúns, fai que contribúa a unha formación crítica en relación co papel que a química desenvolve na sociedade, tanto como elemento de progreso como polos posibles efectos negativos dalgúns dos seus desenvolvementos.

A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, á súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e coa comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor, dada a capacidade da química para resolver problemas humanos e responder a diferentes necesidades sociais.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

En particular coa competencia de aprender a aprender, e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, a realización, a presentación e a avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.

Perfil competencial da materia de Química de 2º bacharelato

	CAA	CSIEE	CD	CCL	CSC	CCEC	CMCCT
QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.							
QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.							
QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.							
QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.							
QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.							
QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.							
QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.							
QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.							
QUB2.1.2. Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos.							
QUB2.2.1. Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.							
QUB2.3.1. Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns.							
QUB2.3.2. Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.							

QUB2.4.1. Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na orixe primixenia do Universo, explicando as características e a clasificación destes.							
QUB2.5.1. Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.							
QUB2.6.1. Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.							
QUB2.7.1. Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.							
QUB2.8.1. Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.							
QUB2.9.1. Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos.							
QUB2.9.2. Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de Born-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular.							
QUB2.10.1. Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría.							
QUB2.10.2. Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.							
QUB2.11.1. Dálles sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes utilizando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos.							
QUB2.12.1. Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico, aplicándoo tamén a substancias semiconductoras e superconductoras.							
QUB2.13.1. Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.							
QUB2.13.2. Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.							

QUB2.14.1. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións.							
QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.							
QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.							
QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.							
QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise encimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde.							
QUB3.3.1. Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.							
QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.							
QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.							
QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, K_c e K_p , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.							
QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.							
QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio K_c e K_p .							
QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplícao experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.							
QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.							

QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco.							
QUB3.10.1. Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifícao experimentalmente nalgúns casos concretos.							
QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brønsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.							
QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.							
QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.							
QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escribr os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.							
QUB3.15.1. Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).							
QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.							
QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras.							
QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.							
QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.							
QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.							

QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-reducción coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.							
QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.							
QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróboo experimentalmente nalgún proceso dado.							
QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.							
QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.							
QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.							
QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.							
QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.							
QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.							
QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.							
QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.							
QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.							
QUB4.8.1. A partir dun monómero, diseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo							

lugar.							
QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.							
QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.							
QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.							
QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.							

c) Concreción dos obxectivos para o curso

Unidade 1: Estrutura atómica da materia

Obxectivos	Contidos
Interpretar e expresar conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza. Describir as características fundamentais das partículas subatómicas, diferenciando os tipos.	B2.1. Estrutura da materia. Hipótese de Planck. B2.2. Modelo atómico de Bohr. B2.3. Orbitais atómicos. Números cuánticos e a súa interpretación. B2.4. Mecánica cuántica: hipótese de De Broglie, principio de indeterminación de Heisenberg. B2.5. Partículas subatómicas: orixe do Universo.

▪ Unidade 2: Sistema periódico

Obxectivos	Contidos
<p>Establecer a configuración electrónica dun átomo en relación coa súa posición na táboa periódica.</p> <p>Identificar os números cuánticos para un electrón segundo no orbital en que se atope.</p> <p>Cofecer a estrutura básica do sistema periódico actual, definir as propiedades periódicas estudadas e describir a súa variación ao longo dun grupo ou período.</p>	<p>B2.6. Clasificación dos elementos segundo a súa estrutura electrónica: sistema periódico.</p> <p>B2.7. Propiedades dos elementos segundo a súa posición no sistema periódico: enerxía de ionización, afinidade electrónica, electronegatividade e raio atómico.</p>

Unidade 3: Enlace químico (I): Enlace iónico e enlace metálico

Obxectivos	Contidos
<p>Utilizar o modelo de enlace correspondente para explicar a formación de moléculas, de cristais e de estruturas macroscópicas, e deducir as súas propiedades.</p> <p>Construír ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede, analizando de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos</p> <p>Cofecer as propiedades dos metais empregando as diferentes teorías estudadas para a formación do enlace metálico</p> <p>Explicar a posible condutividade eléctrica dun metal empregando a teoría de bandas.</p>	<p>B2.8. Enlace químico.</p> <p>B2.9. Enlace iónico.</p> <p>B2.10. Propiedades das substancias con enlace iónico.</p> <p>B2.17. Enlace metálico.</p> <p>B2.18. Propiedades dos metais. Aplicacións de supercondutores e semicondutores.</p> <p>B2.19. Modelo do gas electrónico e teoría de bandas.</p>

▪ Unidade 4: Enlace químico (II): Enlace covalente e enlace entre moléculas

Obxectivos	Contidos
<p>Describir as características básicas do enlace covalente empregando diagramas de Lewis e utilizar a TEV para a súa descrición máis complex</p> <p>Empregar a teoría da hibridación para explicar o enlace covalente e a xeometría de distintas moléculas.</p> <p>Recoñecer os tipos de forzas intermoleculares e explicar como afectan as propiedades de determinados compostos en casos concretos.</p> <p>Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes.</p>	<p>B2.11. Enlace covalente.</p> <p>B2.12. Xeometría e polaridade das moléculas.</p> <p>B2.13. Teoría do enlace de valencia (TEV) e hibridación.</p> <p>B2.14. Teoría de repulsión de pares electrónicos da capa de valencia (TRPECV).</p> <p>B2.15. Propiedades das substancias con enlace covalente.</p> <p>B2.16. Enlaces presentes en substancias de interese biolóxico</p> <p>B2.20. Natureza das forzas intermoleculares.</p> <p>B2.20. Natureza das forzas intermoleculares</p>

Unidade 5: Cinética química

Obxectivos	Contidos
Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose as modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial

Modalidade de ensino presencial

O Departamento de Física e Química do IES Ribeira do Louro decide avaliar os estándares de aprendizaxe con diferentes instrumentos de avaliación, e avaliar posteriormente cada instrumento en xeral, nunha escala de 0 a 10, asignando un peso a cada instrumento. En virtude do carácter experimental da nosa materia e da importancia que ten nesta idade acadar a competencia de Aprender a aprender, así como o respecto polo material e traballo científico, dous procedementos de avaliación: o traballo na aula e o traballo cooperativo no laboratorio deberán ser acadados nun 100 %

Instrumento de avaliación	Probas escritas	Atención clase, deberes, saídas encerado. Observación da actividade diaria. Participación e interese Respostas ás preguntas do profesor Realización de tarefas e exercicios Comportamento e actitude Dispoñibilidade de materiais	Series de problemas	Exposicións traballos en clase empregando as TIC e o EDI	Actitude en laboratorio+informe práctica. Observación da actividade no laboratorio
Peso asignado a cada instrumento	65%	10%	10%	5 %	10%
Mínimos para superar a materia	Cómpre acadar na proba escrita como mínimo un 38% dos estándares de aprendizaxe avaliados na proba	Deberá ter realizado no seu caderno o 100% dos apuntamentos de clase propostos ó longo do curso. Deberá entregar a tempo o 100% dos apuntamentos de clase. Deberá entregar a tempo o 100% dos traballos de investigación (un por trimestre)	<u>A totalidade do alumnado debe completar o seu portfolio (carpeta coas fichas de traballo ou series de problemas propostas para clase e para casa).</u> O 100% das fichas. Cada día de retraso significará un 5% menos na nota deste apartado.	-Fala despacio e con grande claridade -Amosa un bo entendemento do tema. Rigor científico -O estudante pode con precisión contestar casi todas as preguntas ormuladas sobre o tema polos seus compañeiros de clase. -Entrega a tempo guiión da exposición	Deberá entregar a tempo o 100% dos informes e proxectos de laboratorio (4 por trimestre)

Procedemento a seguir: cada alumno disporá de tres fundas de plástico etiquetadas co seu nome: serie de problemas, informes de laboratorio, e apuntamentos de clase. Nunhas datas consensuadas co profesor (cada quince días) o alumnado deixará as fundas co seu traballo no casilleiro situado no exterior do Laboratorio, no apartado de QUÍMICA 2º Bacharelato. O profesor avaliará a documentación e a deixará no mesmo lugar para que sexa recollida

Nota por avaliación e nota final : empregarase un modelo de folla de cálculo CALC

Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial

As tarefas realizadas nas modalidades de ensino non presencial ou semipresencial serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución.

Deste xeito, o/a alumno/a poderá incrementar, se fora o caso, a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1 punto dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outro punto máis dependendo do grado de consecución das mesmas.

TAREFAS ASIGNADAS		GRAO DE CONSECUCCIÓN	
Entregou o 100% das tarefas asignadas no prazo establecido.	1	Alcanzou un grao de consecución moi satisfactorio nas tarefas asignadas.	1
Entregou o 75% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0.75	Alcanzou un grao de consecución satisfactorio .	0.75
Entregou o 50% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0.5	Alcanzou os estándares de aprendizaxe imprescindibles .	0.5
Entregou o 25% das tarefas asignadas no prazo establecido.	0.25	Non alcanzou o total dos estándares de aprendizaxe imprescindibles.	0.25
Non entregou as tarefas asignadas.	0	Non alcanzou os estándares de aprendizaxe imprescindibles.	0

O traballo durante a modalidade de ensino non presencial servirá, se fora o caso, para recuperar as avaliacións pendentes de materias non superadas durante a fase de ensino presencial.

O Departamento de Física e Química poderá realizar actividades de avaliación durante a fase de ensino non presencial.

Instrumentos: rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das tarefas durante a fase de ensino non presencial e o seu grao de consecución.

f) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

As estratexias metodolóxicas que se propoñen para desenvolver o currículo desta materia son as seguintes:

- Fomentar a competencia de aprender a aprender, e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, a través da planificación, a realización, a presentación e a avaliación de deseños experimentais por parte do alumnado, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento da competencia dixital, co obxectivo de favorecer unha visión máis actual da actividade tecnolóxica e científica contemporánea.
- Partir, sempre que sexa posible, de enfrontar o alumnado a situacións problemáticas que deba resolver pondo en xogo os saberes dos que dispón.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade científica, organizando equipos de traballo e propiciando o traballo cooperativo na investigación.
- Considerar as implicacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio natural dos problemas (posibles aplicacións, repercusións negativas, toma de decisións, ciencia e pseudociencia, etc.), e as posibles relacións con outros campos do coñecemento.

As **ACTIVIDADES DE LABORATORIO** estarán relacionadas con:

- Preparación de disolucións de ácido clorhídrico e de de hidróxido de potasio
- Medida de pH de disolucións acuosas de diversos ácidos, bases e sales.
- Volumetría ácido fuerte-base fuerte
- Formación dun precipitado de sal pouco soluble (ioduro de plomo (II) e carbonato de calcio) e separación do mesmo por filtración (gravidade e ó baleiro). Cálculo de rendemento. Disolución de precipitados por modificación do pH.
- Volumetría redox (proponse ao cálculo da concentración dunha disolución de sulfato de ferro(II) empregando unha disolución de permanganato de potasio).
- Efecto da temperatura sobre o equilibrio químico
- Pila Daniell (Construción e utilización dunha célula galvánica e dunha célula electroquímica : Electrolise sulfato de cobre (II) (non aparece a data 15/9/22 nas Orientacións Grupo de Traballo Química CIUGA)
- Propiedades físicas e tipo de enlace
- Cinética química: reacción entre tiosulfato de sodio en disolución + disolución de ácido clorhídrico.Efecto da concentración e da temperatura

Formularanse **PROBLEMAS** relacionados con:

- Composición do equilibrio e a súas constantes de equilibrio.
- Solubilidade, produto de solubilidade, efecto do ión común, condicións de precipitación.

- Ácidos ou bases fortes e débiles.
- Cálculos dopH.
- Constantes de acidez ou basicidade.
- Neutralización ácido-base fortes.
- Axustes de reacción redoxe a súa estequiometría.
- Volumetrías redox.
- Electrólise (non aparece a data 15/9/22 nas Orientacións Grupo de Traballo Química CIUGA)

Formularanse **CUESTIÓNS**, que deberán ser razoadas/xustificadas, relacionadas cos distintos apartados do bloque.

Como aclaración, no apartado de cinética serán cuestións relativas a: aspectos cinéticos das reaccións químicas, concepto de velocidade de reacción, ecuacións de velocidade, orde de reacción, mecanismo de reacción, molecularidade, teoría das reaccións químicas e factores dos que depende a velocidade dunha reacción, acción dos catalizadores (non se incluírán cálculos de orde de reacción).

g) Específico QUÍMICA 2º BACH: Propostas para a revisión da programación no curso 2022/23

Inclusión para o alumnado de Química 2º Bach dos estándares de aprendizaxe non acadados na programación do departamento para o curso 2021-22 (en especial, representación dos isómeros dun composto orgánico)

Problemas-tipo non tratados en 1º BACH e que se poderían traballar ó inicio en 2º BACH Química curso 2022/23:

- 1.-Escribe as fórmulas dos seguintes compostos e indica se algún presenta algún tipo de isomería: ciclopentano e metilciclobutano, 1-butanol e 2- butanol, propanona e propanal
- 2-Define estereoisomería e explica os diversos tipos de isomería
- 3.-Escribe fórmula desenvolvida dos dous isómeros cis e trans do 2-buteno.
- 4.-Escribe fórmula e nomea dous hidrocarburos alcanos de fórmula C_6H_{12} con isomería de cadea
- 5.-Dous alcois de fórmula $C_6H_{12}O$ con isomería de posición
- 6.-Dous compostos de fórmula $C_6H_{10}O$ con isomería de función
- 7.-Dous alquenos de fórmula C_6H_{10} con isomería cis/trans
- 8.-Formula os seguintes compostos e sinala os carbonos asimétricos (no caso de que teñan): 3-metil-2-butanona, ácido propenoico, 2-pentanol, 2,5-dimetil-2-hepteno, propanoato de metilo, ácido láctico

h) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Empregarase a maior variedade posible (libro de texto, fotocopias, internet, ordenador, canón de vídeo, encerado dixital interactivo..)

1. O laboratorio de Física e Química, completamente equipado para os traballos prácticos que podería esixir unha aprendizaxe baseada en proxectos, que conta ademais cun encerado dixital interactivo
2. As aulas de 2º bacharelato están dotadas con material audiovisual. Contamos con canón de video no laboratorio, así como encerado dixital interactivo.
3. Recursos educativos para aprender experimentos de Química

<https://phet.colorado.edu/es/search?q=chemistry>

<http://www.alonsoformula.com/>

Estequiometría + cinética: suivi d'une réaction par méthode physique (fran)

<https://www.youtube.com/watch?v=mjH-N56sA8Q&feature=youtu.be>

Cinétique chimique. Suivi quantitatif d'une cinétique par spectrophotométrie. Suivi quantitatif d'une cinétique par pressiométrie.

https://www.youtube.com/watch?v=8_-NTZu89us

La cinétique - Physique-Chimie - Terminale - Les Bons Profs (fran):

<https://www.youtube.com/watch?v=s9EhoKCvYsA>

Libro recomendado:

QUIMICA 2º BACHARELATO. DOMINGUEZ REAL, Manuela. Editorial: BAIA 2016

Contas de Moodle institucional e de Google Workspace para o alumnado e profesorado: traballo colaborativo

Os recursos dixitais (Moodle institucional e Google Classroom corporativo dominio @iesribeiralouro.com.es, así como as plataformas de videoconferencias Google Meet) serán de utilización preferente e as actividades terán un marcado carácter práctico e potenciarán o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Moodle institucional proxecto Webs Dinámicas e G Suite para Centros Educativos. Dominio: iesribeiralouro.com.es

Aplicacións empregadas de Google

- Para as comunicacións: Gmail, Calendar, Grupos e Meet (ferramentas administradas polo centro)
- Para o almacenamento: Drive
- Para o traballo colaborativo e a asignación das tarefas: Docs, Formularios, Follas de cálculo, Presentacións e Classroom
- Para a xestión das clases: Classroom e impartición dos contidos esenciais a través de videoconferencias con Meet

Aplicacións de LibreOffice: Writer, Calc, Impress

i) Instrucións específicas Programacións 2022_23 Cronograma final de curso

- A avaliación final ordinaria adecuarase ás **datas da ABAU 2023 (6, 7, 8 xuño)**
- A 3ª avaliación parcial pode coincidir coa data da avaliación final ordinaria.
- O alumnado ten dereito a solicita a revisión e a reclamación das cualificacións finais.
- As probas finais da convocatoria extraordinaria realizarase entre o **19 e o 21 de xuño**.
- As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato, **realizarase a partir do día 22 de xuño de 2023**.

As clases antes da avaliación ordinaria rematan o 3 de xuño (aprox.)

Dende o 3 e ata o 22 de xuño (aprox.) faremos actividades de reforzo, preparación ABAU e ampliación e **a avaliación extraordinaria será a partir do 23 de xuño (aprox.)**

Plans de reforzo e recuperación: O Departamento dispón de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como traballos prácticos de laboratorio de recuperación, adaptadas às propostas de prácticas do Grupo de Traballo de CIUG

Posible transición ao ensino non presencial

Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial

Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

- Adoptaranse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que un posible escenario, **semipresencial e/ou non presencial**, en función da situación sanitaria, puidese ocasionar
- O Departamento de Física e Química emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polos seus alumnos e alumnas no curso 2022-23, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe terase en conta de cara a programación do curso 2023-2024.
- No caso dun posible escenario de actividade lectiva **semipresencial e/ou non presencial**, o Departamento de Física e Química organizará plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas, co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados. Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados que se emitirán e nas eventuais avaliacións iniciais que puidesen realizarse.

- A programación do Departamento de Física e Química do curso 2022-2023 adaptárase a todas estas circunstancias.
- Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais (Moodle), Google Workspace e LibreOffice para o ensino misto.

O Departamento de Física e Química poderá realizar actividades de avaliación durante a fase de ensino non presencial, tendo en conta que as alumnas e alumnos poidan realizar os traballos na súa casa, sempre que sexa posible conectados co resto do grupo e cun docente, e ó seu ritmo, coidando sobre todo o aspecto emocional.

As tarefas realizadas nas modalidades de ensino non presencial ou semipresencial serán valoradas a través dunha rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das mesmas e o seu grao de consecución.

Deste xeito, o/a alumno/a poderá incrementar, se fora o caso, a nota obtida durante a ensinanza presencial ata 1 punto dependendo do número de tarefas entregadas dentro dos prazos establecidos, e ata outro punto máis dependendo do grado de consecución das mesmas.

O traballo durante a modalidade de ensino non presencial servirá, se fora o caso, para recuperar as avaliacións pendentes de materias non superadas durante a fase de ensino presencial.

Instrumentos: rúbrica que se baseará en dous aspectos: a realización das tarefas durante a fase de ensino non presencial e o seu grao de consecución

Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave (Química 2º Bach). Docencia non presencial

O Departamento impartirá clases a través de ferramentas institucionais (Moodle) e de Google Workspace como apoio para a resolución de series de problemas para acadar as aprendizaxes imprescindibles, así como traballos prácticos de laboratorio que se emitirán en streaming de vídeo a través de Classroom.

Se algún alumno está confinado poderá seguir as actividades de laboratorio dende a súa casa mediante unha conexión en directo cos seus compañeiros

Aprendizaxes imprescindibles:

- Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.
- Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.
- Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións
- Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción. Acha o valor das constantes de equilibrio, K_c e K_p , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.
- Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.
- Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplícao experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.
- Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.
- Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.
- Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brönsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escribi os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.
- Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.
- Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.
- Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.

j) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O referente esencial da avaliación no marco curricular da LOMCE son os estándares de aprendizaxe avaliáveis (EA), que concretan e desenvolven os criterios de avaliación converténdoo en realidades mensurables e xa que logo, susceptibles de cualificación.

A Cualificación final da área na avaliación ordinaria realizarase tendo en conta o nivel de logro adquirido polo alumnado en todos os EA previstos para o curso. O profesorado do Departamento obtendrá unha media ponderada dos EA seleccionados para a primeira, segunda e terceira avaliación

k) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

- 3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

Darase na Programación 2021-22 un maior peso ó traballo persoal do alumnado a través das tarefas en casa, proxectos e intervencións e saídas na aula. As tarefas para casa revisaranse cada día.

I) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Modalidade de ensino presencial

- Os alumnos coa asignatura de Física e Química do 1º Bacharelato pendente teñen dereito a un exame global da materia no mes de Maio (en data fixada pola dirección do centro) e a unha proba extraordinaria no mes de Setembro.
- Plan de traballo para os alumnos que teñan Física e Química do 1º Bacharelato pendente. O plan concretouse na elaboración de dúas cuadernillos de exercicios e problemas relativos á Física e Química do curso que o alumno teña pendente. Estes cuadernillos redactaranse a partir do material didáctico utilizado polo alumno no curso anterior.
- Os alumnos/as que teñan suspensa a Física e Química do curso anterior, poderán recuperala completando os dous cuadernillos e entregándoos nas datas que figuran en cada un deles.
- Na data de entrega do traballo, o profesor que lles imparte clase, faralles un exame sobre a materia de cada cuadernillo. Si non aprobasen estes exames terían que presentarse a un exame final que oportunamente anunciará a Xefatura de estudos. Aprobar este exame supón aprobar a materia do curso anterior.
- Co fin de facilitarlle a superación da asignatura o departamento considerou facer a maiores dúas probas para repartir a materia, unha en xaneiro e outra en abril, que deben superarse cunha nota media de 5 cun mínimo de 4 en cada proba.
- Tamén será obrigatorio para poder aprobar, entregar na data fixada as actividades de reforzo que o departamento lle dará a cada alumno/a no mes de outubro.
- En caso contrarior, farán o exame global da materia no mes de Maio.

Modalidade de ensino non presencial ou semipresencial

Alumnado de materia pendente. Procedementos e instrumentos de avaliación: A avaliación das materias pendentes realizarase en base a traballos ou probas telemáticas e todas aquelas actividades de recuperación programadas polo departamento e realizadas polo alumnado antes da suspensión das clases, se fora o caso

Criterios de cualificación: Verificar que o alumnado alcanza os obxectivos e as competencias clave da etapa. Neste sentido, atenderase a aqueles elementos curriculares máis relevantes e imprescindibles para alcanzar os obxectivos fundamentais desta etapa.

m) Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

Será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para matricularse e cursar as materias seguintes:

-Física de 2º necesita física e química de 1º.

-Química de 2º necesita física e química de 1º.

O alumnado poderá matricularse da materia Química de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliáveis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

n) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

O Departamento dispón de Series de problemas, así como de propostas de actividades prácticas de laboratorio, para detectar o punto de partida do alumnado

Exemplo:

1.-Un tubo de ensaio contén 25 cm³ de auga. Calcula:

a) O número de moléculas de auga que hai nel.

b) O número total de átomos de hidróxeno que hai contidos nesas moléculas de auga.

c) A masa, en gramos, dunha molécula de auga.

Datos: Densidade da auga = 1 g/cm³; NA = 6,02·10²³ moléculas/mol.

2.-Nun matraz de 10 dm³ introdúcese 2,0 g de hidróxeno; 8,4 g de nitróxeno e 4,8 g de metano a 25 °. Calcula:

a) A fracción molar de cada gas.

b) A presión parcial de cada un.

Dato: R = 0,082 atm·dm³/(mol·K)17.-1

3.-10 g dun mineral que contén un 60 % de cinc, fanse reaccionar con 20 cm³ dunha disolución de ácido sulfúrico do 96 % e densidade 1,823 g/cm³. Calcula:

- Gramos de sulfato de cinc producido.
- Volumen de hidróxeno obtido se as condicións do laboratorio son 25 ° e 740 mmHg de presión.
- Repete os cálculos anteriores supoñendo que o rendemento da reacción é do 75 %.

4.-Temos 50mL dunha disolución de H₂SO₄ con densidade 1,84 g/cm³ e do 94% de riqueza en peso e engadímolle auga ata un volume total de 250 mL. Calcula a molaridade da disolución resultante

5.-Nunha botella de ácido clorhídrico concentrado figuran os seguintes datos: 36% en masa de HCl e densidade 1,18 g/mL. Calcula:

- A concentración e o volume deste ácido concentrado que se necesita para preparar un litro da disolución de concentración 2 mol/dm³.
- Detalla o procedemento así como o material que empregarías para preparar a devandita disolución.

6.-Atopa o n^o de oxidación do átomo central en cada un dos seguintes oxoácidos: HMnO₄, H₂CO₃, H₂Cr₂O₇

7.-a) Formula: benceno, etanoato de metilo, 2-butanol e nomea: CH₃-CH₂-CH₂-CHO e CH₃-O-CH₃.

8.-Razoa o tipo de isomería que presenta o composto 2-hidroxipropanoico, de fórmula química: CH₃-CH(OH)-COOH. Sinala e indica o nome dos grupos funcionais que presenta.

FORMULACIÓN INORGÁNICA

Aniones

óxido	O ²⁻	Peróxido	O ₂ ²⁻	Hidruro	H ⁻
Fluoruro	F ⁻	Cloruro	Cl ⁻	Bromuro	Br ⁻
ioduro	I ⁻	Sulfuro	S ²⁻	Hidróxido	OH ⁻
carbonato	CO ₃ ²⁻	nitrato	NO ₃ ⁻	nitrito	NO ₂ ⁻
sulfato	SO ₄ ²⁻	sulfito	SO ₃ ²⁻	fosfato	PO ₄ ³⁻
permanganato	MnO ₄ ⁻	cromato	CrO ₄ ²⁻	dicromato	Cr ₂ O ₇ ²⁻
perclorato*	ClO ₄ ⁻	clorato*	ClO ₃ ⁻	clorito*	ClO ₂ ⁻
hipoclorito*	ClO ⁻	hidrogenosulfato	HSO ₄ ⁻	hidrogenosulfito	HSO ₃ ⁻

hidrógenocarbonato	HCO_3^-	Hidrógenosulfuro	HS^-	Hidrógenofosfato	HPO_4^{2-}
dihidrógenofosfato	H_2PO_4^-				

*lo mesmo para bromo e iodo

Cationes monovalentes (tenemos que saberlos de memoria, en la nomenclatura de stock no se puede indicar su número de oxidación!!: óxido de sodio (I) está mal, hay que decir “óxido de sodio”)

Metales alcalinos grupo 1	$\text{Li}^+, \text{Na}^+, \text{K}^+, \text{Rb}^+, \text{Cs}^+$
Metales alcalino-térreos grupo 2	$\text{Be}^{2+}, \text{Mg}^{2+}, \text{Ca}^{2+}, \text{Sr}^{2+}, \text{Ba}^{2+}, \text{Rd}^{2+}$
Otros cationes monovalentes:	$\text{Zn}^{2+}, \text{Ag}^+, \text{Cd}^{2+}, \text{Al}^{3+}, \text{NH}_4^+$ (amonio)

Cationes con más de un estado de oxidación: en la nomenclatura de stock se indicar su nº de oxidación con números romanos entre paréntesis. Ejemplo: óxido de platino (IV)

Fe, Co, Ni	+2 y +3
Au	+1 y +3
Pb, Sn, Pt	+2 y +4
Cu, Hg	+1 y +2
Cr	+3 y +6
Mn	+4, +6 y +7

No reverso da folia tes uns exercicios. Sei que saberás facelos, proba e adiante. Non dubides en consultar o teu libro de texto para refrescar ideas ou preguntarme. Lembra os tipos de nomenclatura: exemplo Fe_2O_3

Stock: óxido de ferro (III)

tradicional: óxido férrico

sistemática: trióxido de dihierro

Óxidos			
Dióxido de plomo		CuO	
Trióxido de dihierro		Na ₂ O	
Óxido de manganeso (IV)		Au ₂ O ₃	
Óxido de hierro (III)		BaO	
Dióxido de carbono		CO	
Trióxido de dicloro		SO ₂	
Óxido de azufre (IV)			
Peróxidos			
MgO ₂		Peróxido de hidrógeno	
Na ₂ O ₂		Peróxido de cobre (II)	
Co ₂ O ₆			
Hidruros metálicos			
Trihidruro de hierro		AuH	
Monohidruro sodio		LiH	
Hidruro de calcio		CoH ₂	
Hidruro de aluminio		PbH ₄	
Hidróxidos			
Sn(OH) ₄		Dihidróxido de mercurio	
Hidróxido de níquel (III)		Zn(OH) ₂	
NaOH		Hidróxido de magnesio	
Ba(OH) ₂		Hidróxido de aluminio	
Cu(OH) ₂		Hidróxido de plomo (IV)	

Ácidos hidrácidos			
HCl		Sulfuro de hidrógeno	
Ácido bromhídrico		Ácido sulfhídrico	
Ácido yodhídrico		Bromuro de hidrógeno	
Fluoruro de hidrógeno			
Sales binarias			
Cloruro de sodio		Sulfuro de hierro (III)	
Sulfuro de sodio		Li ₂ S	
CaCl ₂ .5H ₂ O		Bromuro de hierro (III)	
Tricloruro de níquel		Tetrayoduro de estaño	
KCl		CaCl ₂	
Cloruro de potasio		NaI	
Oxoácidos			
Ácido sulfúrico o tetraoxosulfato(VI) de hidrógeno			
Ácido carbónico o trioxocarbonato(IV) de hidrógeno			
Ácido nítrico o trioxonitrato(V) de hidrógeno			
Ácido fosfórico o tetraoxofosfato(V) de hidrógeno			
Ácido sulfuroso o trioxosulfato(IV) de hidrógeno			
Ácido nitroso o dioxonitrato(III) de hidrógeno			
Ácido crómico o tetraoxocromato(VI) de hidrógeno			
Ácido dicrómico o heptaoxidocromato(VI) de hidrógeno			
Ácido permangánico o tetraoxomanganato(VII) de hidrógeno			
Ácido clórico o trioxoclorato(V) de hidrógeno			

Ácido perclórico o tetraoxoclorato(VII) de hidrógeno	
Oxisales	
Sulfato de cobre (II) o tetraoxosulfato(VI) de cobre (II)	
Nitrato de cinc o trioxonitrato(V) de cinc	
Sulfito de cobalto (II) o trioxosulfato(IV) de cobalto (II)	
Nitrato de plata o trioxonitrato(V) de plata	
Carbonato de hierro (III) o trioxocarbonato(IV) de hierro (III)	
Sulfato de amonio o tetraoxosulfato(VI) de amonio	
Carbonato de sodio o trioxocarbonato(IV) de sodio	
Permanganato de potasio o tetraoxomanganato(VII) de potasio	
Dicromato potásico o heptaoxicromato(VI) de potasio	
Cromato de magnesio o tetraoxocromato(VI) de magnesio	
Fosfato de calcio o tetraoxofosfato(V) de calcio	
Nitrato de sodio o trioxonitrato(V) de sodio	
Carbonato de calcio o trioxocarbonato(IV) de calcio	
Cromato de plata o tetraoxocromato(VI) de plata	
Nitrato de plomo (II) o trioxonitrato(V) de plomo (II)	
Sulfato de estroncio o tetraoxosulfato(VI) de estroncio	
Carbonato de plomo (II) o trioxocarbonato(IV) de plomo (II)	
Sulfato de bario o tetraoxosulfato(VI) de bario	
Perclorato de sodio o tetraoxoclorato(VII) de sodio	
Clorato potásico o trioxoclorato(V) de potasio	
Yodato de estaño (II) o trioxoyodato(V) de estaño (II)	

Yodato de potasio o trioxoyodato(V) de potasio	
Sales ácidas	
Hidrógenosulfuro de sodio	
Hidrógenosulfato de hierro (III)	
Hidrógenosulfito de sodio	
Hidrógenocarbonato de sodio	
Hidrógeno carbonato de amonio	
Hidrógenofosfato de amonio	
Hidrógenofosfato de cobalto (III)	
Dihidrógenofosfato de sodio	

Medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados: traballarase os exercicios durante as clases e como fichas de traballo para casa. As explicacións serán breves. Ó final avaliarase tanto o traballo en clase como as fichas para casa. O procedemento será o seguinte:

- **FICHA 1 INTRODUCCIÓN Ó TEMA** Despois da explicación entregárase unha ficha para facer en clase e en casa (o profesor actuará como guía neste proceso) para o día seguinte
- Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. Resolveráanse os exercicios. O alumnado fará as correccións oportunas cun bolígrafo doutra cor. Entregárase esta ficha coas anotacións. O profesor avaliará o traballo e **o alumnado archiva a ficha na súa carpeta de portfolio**
- **FICHA 2 SABER FACER** Entregárase outra ficha, esta vez con menos axuda por parte do profesor. A resolución presentarase no taboleiro dixital da clase, o profesor vixiará que non se limiten a copiar do taboleiro, senón que sexa unha axuda (aprender a aprender). Senon rematan na clase, entregárase nos primeiros minutos da seguinte clase. Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. Resolveráanse os exercicios. O alumnado fará as correccións oportunas cun bolígrafo doutra cor. Entregárase esta ficha coas anotacións. O profesor avaliará o traballo e **o alumnado archiva a ficha na súa carpeta de portfolio**
- **FICHA 3 CONSOLIDACIÓN** Finalmente recibirán unha terceira ficha, con data de entrega. Ó alumnado que non presente o traballo nos primeiros minutos do día seguinte penalizarase cun 50% neste apartado. O profesor avaliará cada ficha e **o alumnado archiva a ficha na súa carpeta de portfolio**

A totalidade do alumnado debe completar o seu portfolio (carpeta de clase coas fichas de traballo propostas para clase e para casa). O 100% das fichas. Cada día de retraso significará un 50% menos na nota deste apartado.

o) Medidas de atención á diversidade.

Nun proceso de ensino-aprendizaxe baseada na identificación das necesidades do alumno, é fundamental ofrecerlle cantos recursos educativos sexan necesarios para que a súa formación axústese ás súas posibilidades, nuns casos porque estas son maiores que as do grupo, noutras porque necesita reaxustar o seu ritmo de aprendizaxe polas dificultades con que se atopa.

Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe, é dicir, para adecuar o ensino á aprendizaxe e para facer compatibles a comprensividade e a diversidade, propóñense en cada unidade novas actividades, diferenciadas entre **FICHAS 1 INTRODUCCIÓN Ó TEMA, FICHAS 2 SABER FACER e FICHAS 3 CONSOLIDACIÓN** que figuran nos materiais didácticos de uso do profesor, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumno.

En cada avaliación, salvo na primeira, realizaranse actividades de recuperación dos EA non superados da avaliación anterior, (proba escrita, traballos prácticos, traballo avaliable no caderno, portfolio) que de ser aprobadas, eximirá ao alumno da recuperación da avaliación suspensa ao final do curso. No caso dos EA asociados a unha proba escrita e ó traballos prácticos de laboratorio, convocarase ó alumnado fóra do horario lectivo do centro.

Ao final de curso, os alumnos con avaliacións pendentes presentaranse a unhas probas (proba escrita, traballos prácticos, traballo avaliable no caderno, portfolio) no que cada un fará a parte que lle quede pendente. Para aprobar o curso débense ter as tres avaliacións aprobadas.

Na ficha de presentación da materia ó alumnado, inclúese a seguinte frase: Nunca teñades medo a preguntar. Anímovos a facelo ou pedirme axuda se algo non está claro. Aproveitade para facelo en clase, ao final, cando vos deixe un tempo para empezar coas tarefas para casa, ou ben nos recreos

p) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Na táboa seguinte indícanse os contidos transversais do currículo e como se traballarán na materia de Química 2º Bach

comprensión lectora	expresión oral e escrita	comunicación audiovisual	TIC	educación cívica e constitucional	espírito emprendedor
Probas escritas Traballo avaliable no cuaderno (rúbrica) Fichas de clase (portfolio) Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica)	Probas escritas Traballo avaliable no cuaderno (rúbrica) Fichas de clase (portfolio) Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica)	Traballo avaliable no cuaderno+Traballos prácticos de laboratorio / <u>exposición en clase co taboleiro dixital da aula ou do laboratorio</u> Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio	Traballo avaliable no cuaderno+Traballos prácticos de laboratorio / <u>exposición en clase co taboleiro dixital da aula ou do laboratorio</u> Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio	Identidade e dignidade da persoa Comprensión e respecto nas relacións interpersoais en clase e no laboratorio Convivencia en clase e no laboratorio Observación dos traballos prácticos de laboratorio en grupo	Traballos prácticos de laboratorio (rúbrica) Elaboración de vídeos didácticos con prácticas de laboratorio

q) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Neste curso 2021_22, o Departamento non ten programada inicialmente ningunha actividades complementarias e extraescolares para Química 2º Bach

r) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Todo documento que programe un xeito de levar a cabo uns obxectivos determinados debe ser obxecto de avaliación para determinar en que extensión foron alcanzados os obxectivos previstos. Unha programación didáctica como a presente neste documento, debe xa que logo, prever unha forma de avaliación. Neste caso teranse en conta os seguintes criterios:

1. Actas de reunións do Departamento, onde se pon de manifesto o grado de programación impartida.
2. Documento ou memoria de final de curso, onde se reflicta o balance impartido ou sen impartir durante o curso, así como as causas que o motivaron xunto coa previsión de cambios para o curso seguinte.
3. Reunións do Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar.
4. Seguimiento da programación
5. Rendemento académico dos alumnos: si un 50% dos alumnos/as non alcanza os obxectivos fixados, estudarase a mellor forma de liquidar devandito problema (cambio de metodoloxía empregada polos docentes, cambio de secunciación dos contidos, actividades de recuperación ou outra medida que o profesor considere oportuna).
6. Seguimiento dos alumnos/as con Física e Química pendentes dos cursos anteriores.
7. Incentivar as actividades de ciencias e a participación dos alumnos/as.
8. A programación será revisada antes do comezo do curso escolar (primeira quincena de setembro), tendo en conta a Memoria Final de Curso e as reunións da C.C.P. De ser necesario realizaranse os cambios pertinentes na programación.
9. Mediante enquisas periódicas

s) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

INSTRUMENTOS E PRODIMENTOS PREVISTOS PARA EVALUAR A PRÁCTICA DOCENTE E A PROPIA PROGRAMACIÓN

Todo documento que programe un xeito de levar a cabo uns obxectivos determinados debe ser obxecto de avaliación para determinar en que extensión foron alcanzados os obxectivos previstos. Unha programación didáctica como a presente neste documento, debe xa que logo, prever unha forma de avaliación. Neste caso teranse en conta os seguintes criterios:

- Actas de reunións do Departamento, onde se pon de manifesto o grado de programación impartida.
- Documento ou memoria de final de curso, onde se reflecta o balance impartido ou sen impartir durante o curso, así como as causas que o motivaron xunto coa previsión de cambios para o curso seguinte.
- Reunións do Comisión de Coordinación Pdedagóxica e do Consello Escolar.
- Seguimiento da programación
- Rendemento académico dos alumnos: si un 50% dos alumnos/as non alcanza os obxectivos fixados, estudarase a mellor forma de liquidar devandito problema (cambio de metodoloxía empregada polos docentes, cambio de secunciación dos contidos, actividades de recuperación ou outra medida que o profesor considere oportuna).
- Seguimiento dos alumnos/as con Física e Química pendentes dos cursos anteriores.
- Incentivar as actividades de ciencias e a participación dos alumnos/as.
- A programación será revisada antes do comezo do curso escolar (primeira quincena de setembro), tendo en conta a Memoria Final de Curso e as reunións da C.C.P. De ser necesario realizaranse os cambios pertinentes na programación.
- Mediante enquisas periódica

Criterios para avaliar a programación

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

- 3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

Información ao alumnado

Co obxecto de facilitar o coñecemento das Programacións Didácticas, elaboradas por cada un dos Departamentos do IES Ribeira do Louro, ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

1. Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as Programacións dos Departamentos Didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa titoría legal na Secretaría do Centro.

2. Asemade todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>

Cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo “Materia Módulo”, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación tales como os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel emateria.

Estas follas de presentación de materia:

- Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

- Unha copia das mesmas entrégase:

- A todo o alumnado, ao comezo do curso.
- Ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia.

- Queda dispoñible en cada unha das aulas.

INFORMACIÓN BÁSICA QUE DEBEMOS FACILITAR Ó ALUMNADO (e posteriormente ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia, e tamén a TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA) :	Información básica relativa á programación : obxectivos, contidos, contidos, traballos prácticos de laboratorio, proxectos de innovación Información básica relativa ós criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación (rúbricas, instrumentos de avaliación e o peso asignado a cada instrumento) Criterios de calificación (procedemento para calcular a nota final de avaliación ordinaria e da extraordinaria)
Estas follas de presentación de materia :	Son publicadas tamén na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente. Unha copia das mesmas entrégase: a todo o alumnado, ao comezo do curso e ás persoas ás que lles corresponda a titoría legal, durante a primeira reunión de acollida ás familias como se recolle no do plan de convivencia. Queda dispoñible en cada unha das aulas.

O Porriño, 17 febreiro 2023

María Rial Pan

Marcelino Veiguela Fuentes